

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE E A FUNDACIÓN JUAN SOÑADOR PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO PILOTO DA ABORDAXE DA POBREZA INFANTIL NAS CIDADES DE A CORUÑA, LUGO E OURENSE, E A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓNS COMPLEMENTARIAS DE APOIO NA XESTIÓN E NA AVALIACIÓN DO PROXECTO, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA – FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NEXTGENERATIONEU.

No lugar e na data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte:

Don Francisco José Conde López, Vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación, en virtude do Decreto 60/2022, do 15 de maio, polo que se nomea ao titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, actuando en nome e representación da Consellería de Política Social e Xuventude a abeiro do Decreto 153/2022, do 13 de setembro polo que se lle encarga o despacho dos asuntos da Consellería de Política Social e Xuventude, durante a ausencia da súa titular, ao vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación, e no uso das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, no Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude, e no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado por Resolución de 8 de abril de 1991 (Diario Oficial de Galicia nº82, do 30 de abril de 1991).

Doutra parte:



Don Francisco Rodríguez Míguez, con DNI 34958931-N, que actúa en nome e representación da Fundación Juan Soñador con NIF G-24452435 e domicilio social na Avenida Antibióticos, 126 C.P. 24009 de León, en virtude do apoderamento elevado a escritura pública outorgada ante o Notario D. Gustavo Parco Arrondo, con data 23 de setembro de 2021, número de protocolo 2325, inscrita no Rexistro de Fundacións de competencia estatal, Ministerio de Xustiza.

As partes interveñen no nome e representación dos seus respectivos órganos e entidades no exercicio das competencias que lles están legalmente atribuídas, recoñecéndose mutua e reciprocamente capacidade para obrigarse mediante o presente convenio nos termos que nel se conteñen e, para o efecto,

EXPOÑEN

I- As administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras entidades públicas así como con persoas xurídicas suxeitas ao dereito privado ao abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público; na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, e máis o Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991.

II- A Constitución española dispón no artigo 39, entre os principios reitores da política económica e social, o apoio dos poderes públicos para asegurar a protección social, económica e xurídica da familia.

Así mesmo, a loita contra a pobreza e a exclusión social ocupou un lugar central na Estratexia Europa 2020 e o pilar europeo de dereitos sociais aumentou a sensibilización das políticas sociais na Unión Europea, como a pobreza infantil, pois esta segue sendo un problema grave na Unión Europea xa que case un de cada catro



nenos atópase en risco de pobreza ou exclusión social. Os estudos teñen sinalado reiteradamente que os investimentos realizados durante a infancia cun custe financeiro relativamente baixo poden producir beneficios ao longo de toda a vida (ref. Informe Especial do Tribunal de Contas Europeo "Combater a pobreza infantil: requírese orientar mellor o apoio da Comisión- 2020", publicado o 29 de setembro de 2020).

III- A Comunidade Autónoma de Galicia ostenta competencias exclusivas en materia de asistencia social, de conformidade co disposto no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, e nos Reais Decretos de Transferencia 2411/1982, do 24 de xullo e 534/1984, do 25 de xaneiro, e en virtude de dita competencia aprobáronse a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e a Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.

IV- A Consellería de Política Social e Xuventude, a través da Dirección Xeral de Inclusión Social, ten asumido entre as súas competencias, segundo o artigo 18.1. apartados a) e b) do Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude, exercer as políticas autonómicas en materia de servizos sociais, inclusión social e inmigración, segundo o disposto na Lei 13/2008, do 3 de decembro, e na Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, así como impulsar o deseño, a coordinación, a avaliación e a xestión das políticas da Xunta de Galicia en materia de benestar social, inclusión social, inmigración e servizos sociais comunitarios de Galicia.

Así mesmo, a atención das persoas menores que se atopan en situación ou risco de exclusión social é unha prioridade para a Xunta de Galicia, dado que os nenos e nenas que crecen na pobreza ou na exclusión teñen menos posibilidades de ter un bo rendemento escolar, gozar de boa saúde e aproveitar todo o seu potencial nas fases posteriores da súa vida. Por isto, a Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014-2020, aprobada o 18 de decembro do 2014 polo Consello de la Xunta, fai da loita contra a



pobreza infantil unha prioridade transversal de toda a acción de goberno co fin de protexer á infancia, promover o seu benestar e evitar a transmisión da pobreza entre xeracións.

V- Este convenio financiarase con fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, segundo o Regulamento (UE) 2020/2094, do 14 de decembro de 2020, polo que se establece un Instrumento de Recuperación da UE para apoiar a recuperación tras a crise da COVID-19, o Regulamento (UE) 2021/241, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia de España (aprobado o 16/06/2021 por Decisión do Consello de Europa), o Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, a Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, a Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do PRTR, a Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información a proporcionar polas entidades do sector público estatal, autonómico e local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e o Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046, do 18 de xullo de 2018, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión (Regulamento Financeiro).

VI- O convenio está amparado polo Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, en concreto encádrase no Compoñente 23 "Novas políticas públicas para un mercado de traballo dinámico, resiliente e inclusivo", no que está incluído o investimento 7 "Fomento do crecemento inclusivo mediante a vinculación das políticas de inclusión sociolaboral ao Ingreso Mínimo Vital"; e para contribuír ao cumprimento do fito número 350 procederase a «Mellorar a taxa de acceso do Ingreso Mínimo Vital, e incrementar a efectividade do Ingreso Mínimo Vital a través de políticas de inclusión, que, de acordo coa súa descrición, traducirase en apoiar a



inclusión socioeconómica dos beneficiarios do Ingreso Mínimo Vital a través de itinerarios...”.

Os devanditos proxectos, como sinala o Real Decreto 938/2021, do 26 de outubro, polo que se regula a concesión directa de subvencións do Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones no ámbito da inclusión social, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (BOE nº 257 do 27-10-2021), contribúen ao cumprimento do fito 350 para o primeiro trimestre de 2022 e o cumprimento do indicador de seguimento número 350.1. para o primeiro trimestre de 2024; e, de acordo co devandito real decreto, o 28 de decembro de 2021 a Secretaría Xeral de Obxectivos e Políticas de Inclusión e Previsión Social, e a Consellería de Política Social da Xunta de Galicia subscribiron un Convenio para a realización do Proxecto piloto de Abordaxe da pobreza infantil no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (BOE nº 26, de 31 de xaneiro de 2022).

VII- A Fundación Juan Soñador é unha entidade sen ánimo de lucro de natureza fundacional, constituída e inscrita no registro de Fundaciones asistenciales do entón Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales co nº 24-0061, o 19 de setembro de 2.002, que ten entre os seus fins a prevención, educación e promoción social integral dos nenos, nenas, adolescentes, mozos e mozas e familias dos sectores en situación de risco, de marxinalidade e de exclusión social. Así mesmo, a entidade ten o recoñecemento e inscrición no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Política Social e Xuventude co número E4622.

A Fundación Juan Soñador é unha entidade especializada que dende hai 20 anos desenvolve programas e actividades dirixidos a mellorar a situación das persoas menores en risco ou situación de vulnerabilidade, ofrecéndolle tanto a elas como ás súas familias, apoio e acompañamento social, co obxectivo de promover o seu desenvolvemento integral nos diferentes eidos: socioeducativo, de exercicio das responsabilidades parentais dos pais e nais, de aspectos básicos da saúde e o autocoidado, inclusión social de persoas en situación de vulnerabilidade, formación e inserción laboral.



Ademáis, colabora dende o ano 2016 no desenvolvemento e coordinación do programa La Caixa Proinfancia en Galicia. Este programa vai dirixido a familias con menores con escasos recursos e en risco de exclusión social, cun perfil similar ao que se dirixe o Proxecto piloto de Abordaxe da Pobreza Infantil.

A fundación conta cos recursos necesarios para a preparación, a planificación, o desenvolvemento e a posta en marcha do proxecto piloto nas condicións e prazos previstos por este, o cal esixe unha grande operatividade para contactar rapidamente coas familias participantes e ofrecerlles unha grande variedade de apoios específicos, ademais dunha acreditada experiencia contrastada cos bos resultados acadados ao longo destes anos.

Tendo en conta as consideracións precedentes, pódese afirmar que a Fundación Juan Soñador conta cos medios e a experiencia necesarios no desenvolvemento de procesos de inclusión social que garanten unha atención de calidade, de carácter integral, no ámbito da atención ás persoas menores e as súas familias en situación de vulnerabilidade, para a implantación dun proxecto piloto nas cidades de A Coruña, Lugo e Ourense, e para o desenvolvemento das actuacións complementarias consecuencia das principais do proxecto.

O proxecto busca mellorar os niveis de inclusión social das familias con persoas menores perceptoras do Ingreso Mínimo Vital e da Renda de Inclusión Social de Galicia nas principais cidades galegas, e destas familias e outras en situación de vulnerabilidade con menores residentes en áreas rurais en exclusión; así como obter recomendacións para as políticas de inclusión dirixidas a perceptoras do Ingreso Mínimo Vital e a Renda de Inclusión Social de Galicia que se desenvolvan no futuro.

Mais en concreto, os obxectivos específicos do proxecto son os seguintes:

- Ofrecer ás unidades familiares de intervención apoios e servizos de múltiple natureza que respondan as súas necesidades básicas e lles permitan acceder aos servizos removendo os obstáculos (activación inclusiva)



- Ofrecer aos/ás menores das unidades familiares apoios específicos no ámbito educativo que contribúan a súa continuidade no sistema e melloren o éxito educativo, a participación co seu grupo de pares no ámbito extraescolar e contribúan a evitar a transmisión interxeracional da pobreza.
- Ofrecer aos membros da unidade familiar en situación laboral activa -ou que poderían estarlo- apoios personalizados que lles permitan iniciar itinerarios cara o emprego
- Avaliar os resultados do proxecto e obter recomendacións para as políticas de inclusión das persoas perceptoras do Ingreso Mínimo Vital e da Renda de Inclusión Social de Galicia.

Con esa finalidade, a entidade para a posta en marcha do proxecto levará a cabo inicialmente a captación das familias que participarán no proxecto; e, ata o mes de outubro do 2023, ofrecerá ás ditas familias apoios específicos para a atención social, o apoio socioeducativo e a mellora ou promoción da participación laboral. Os ditos apoios son os que figuran na Carteira de servizos do proxecto (anexo III) e prestaranse con carácter homoxéneo en todos os territorios no ámbito da comunidade autónoma.

Unha vez realizado o correspondente diagnóstico, a entidade deseñará e prestará plans individualizados de intervención con enfoque familiar, en función das necesidades individuais e familiares dos membros que integran cada unidade de convivencia, co obxectivo de promover a inclusión social e/ou laboral nos diferentes ámbitos.

De xeito específico, a **Fundación Juan Soñador** desenvolverá o proxecto piloto nas cidades de A Coruña, Lugo e Ourense, ascendendo as familias beneficiarias da intervención a un total de 710 familias perceptoras do Ingreso Mínimo Vital e da Renda de Inclusión Social de Galicia con persoas menores, distribuídas do seguinte xeito: 357 familias en A Coruña, 206 familias en Lugo e 147 familias en Ourense.



Realizará actuacións complementarias para o apoio na xestión do proxecto, achegando a súa experiencia e acreditación no traballo realizado con familias con persoas menores en risco ou situación de exclusión social

VIII- Este convenio exclúe o ánimo de lucro e non pode satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

IX- A Consellería de Política Social e Xuventude considera prioritario potenciar este tipo de actuacións e está interesada en fomentar a execución de proxectos como o que se describe, a través do cal a Fundación Juan Soñador aporta un punto de vista único para desenvolver a actividade do proxecto, debido a que enfoca o seu traballo na consecución da inclusión social activa de todos os membros das unidades familiares con persoas menores que están en situación ou risco de exclusión social dun xeito integral.

De acordo co artigo 2.1.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o proxecto financiado ten por obxecto o desenvolvemento dunha actividade de interese social. Ademais, o artigo 19.4.c) da mesma lei establece que, con carácter excepcional, subvencionaranse aquelas actuacións que acrediten razóns de interese social e humanitario.

A elección desta fórmula de concesión directa, a través dun convenio, fundaméntase no apartado c) do artigo 36 do decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Este artigo prevé, con carácter excepcional, a concesión directa das subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario. O interese público derívase da finalidade última do proxecto experimental, que é adquirir coñecemento con base científica de utilidade nas fórmulas de abordaxe da exclusión social, e concretamente, da pobreza infantil. Esta aprendizaxe é de interese para a



mellora da eficacia e da calidade no exercicio das competencias que a Xunta de Galicia ten en materia de inclusión social. O interese social radica en que o proxecto formúlase sobre a hipótese de que terá, a través do desenvolvemento das súas actividades, impactos positivos nun dos grupos de poboación que presentan maior vulnerabilidade, concretamente familias con menores en situación de pobreza e/ou exclusión social. A redución da pobreza infantil é de interese social, do que tamén se desprende o carácter humanitario deste proxecto.

Ademáis do dito anteriormente, hai que ter en conta o seguinte:

_ O carácter innovador do programa que se financia cos fondos de recuperación e resiliencia da Unión Europea e que, dada a súa natureza e características, precisa que o seu desenvolvemento se leve a cabo por parte de entidades que acrediten unha experiencia previa na posta en marcha de programas de características similares, como é o caso do convenio coa fundación La Caixa (Caixa Proinfancia). Xunto con isto, tamén é fundamental o coñecemento das persoas usuarias, das súas necesidades e das fórmulas específicas de abordaxe.

- o programa ten un ámbito de actuación, que inclúe diferentes cidades e territorios, cunhas características específicas moi diferenciadas, isto implica que a elección da entidade obxecto da subvención veña condicionada, non só pola súa implantación no territorio, senón tamén por un coñecemento exhaustivo na realización de actuacións de contido similar ás que constitúen o obxecto do convenio nese marco xeográfico. Neste senso, hai que indicar que a xestión do proxecto vai precisar apoios externos do medio para asegurar a integridade da intervención con enfoque familiar, polo é fundamental o coñecemento da contorna e dos axentes sociais e económicos que operan nela.

- o desenvolvemento do programa precisa que a entidade subvencionada conte con medios persoais, materiais e económicos, xunto cunha solvencia técnica vinculada a unha traxectoria de traballo acreditada no seu ámbito e na área específica na que actúa.



Tendo en conta todo o exposto, considerando a existencia de razóns de interese público, social e económico, así como a amplitude e características das actuacións para a súa realización no ámbito da Comunidade Autónoma, a Fundación Juan Soñador coa que se vai asinar este convenio é a única que reúne os requisitos de experiencia, implantación na Coruña, Lugo e Ourense, solvencia, medios técnicos e coñecemento das persoas usuarias e da contorna social, necesarios para levalo a cabo.

Por todo o cal, xustifícase o emprego do procedemento da concesión directa coa entidade que conta coa capacidade, a dispoñibilidade e demais requisitos esixidos para a realización das actuacións obxecto do programa no dito territorio.

A execución material do proxecto deste convenio materialízase anualmente en cada un dos exercicios de execución.

En virtude do exposto, ambas as dúas partes outorgan e subscriben de mutuo acordo o presente convenio de colaboración que desenvolverase de acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- *Obxecto e contido*

O obxecto do presente convenio é a colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e a Fundación Juan Soñador mediante a concesión directa dunha subvención para contribuír ao desenvolvemento nas cidades de A Coruña, Lugo e Ourense do Proxecto piloto da Abordaxe da Pobreza Infantil, mediante o cal facilitarase ás familias participantes apoios específicos para a atención social, o apoio socioeducativo e a mellora ou promoción da participación laboral.

Ademais a Fundación Juan Soñador realizará as actuacións que sexan necesarias para o desenvolvemento coherente e conxunto do proxecto, así como a realización daquelas actuacións complementarias que sirvan para o apoio na súa xestión.



O financiamento da Consellería de Política Social e Xuventude ao dito proxecto piloto realizarase a través dos fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia procedentes de fondos europeos, segundo convenio asinado ao efecto entre a entón Consellería de Política Social e a Secretaría General de Objetivos y Políticas de Inclusión y Previsión Social do Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones o 28/12/2021.

SEGUNDA.- Actuacións, fases e fitos do proxecto piloto

A **Fundación Juan Soñador** comprométese na realización das seguintes actuacións, fases e fitos do proxecto:

1. Realización de actuacións nas cidades de A Coruña, Lugo e Ourense

Primeira fase: Captación das familias participantes

A fase de captación das familias participantes no proxecto empezará unha vez asinado o presente convenio, a través de múltiples vías, entre elas: pola propia entidade titular do proxecto, polos servizos sociais comunitarios, por outras entidades públicas (a través dos centros de ensino, centros de saúde, oficinas de emprego, equipos comarcais de inclusión sociolaboral), por entidades privadas, por outras familias coñecedoras do proxecto.

Para a realización da captación a Xunta de Galicia contactará coas familias con menores beneficiarias do Ingreso Mínimo Vital, mediante os datos facilitados polo Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones para o desenvolvemento das actuacións pola entidade no territorio de intervención do proxecto. Por outra parte, este contacto realizarase, así mesmo, coas familias con menores perceptoras da Renda de Inclusión Social de Galicia residentes nas mesmas áreas.

Estas familias poderán poñerse en contacto coa Fundación Juan Soñador para participar nas sesións informativas do proxecto e asinarán, no caso de estar interesadas, o consentimento de participación no proxecto.



A captación alcanzará un total de 785 familias en A Coruña, de 453 familias en Lugo e de 324 familias en Ourense.

Posteriormente, a partir dos listados das familias participantes das que se conte co consentimento informado para cada territorio de implantación, o Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones realizará asignacións aleatorias para dilucidar cales formarán parte do grupo experimental e cales do grupo de control. Serán as do primeiro grupo quen participen nas actuacións previstas no proxecto. As familias do grupo de control non serán destinatarias da intervención, pero pasaránelles os mesmos formularios de enquisa que a aquelas que forman parte do grupo experimental. Esta enquisa levarase a cabo para ambos os dous grupos no primeiro e no último mes da intervención. As familias integrantes do grupo de control recibirán un incentivo pola súa participación.

Cidade	Grupo experimental	Grupo de control	Total
A Coruña	357	428	785
Lugo	206	247	453
Ourense	147	177	324

Segunda fase: Elaboración do diagnóstico

Esta fase supón o inicio da intervención, que se realizará exclusivamente coas familias previamente seleccionadas entre todas as captadas e que pasan a formar parte do grupo experimental.

O dito diagnóstico realizarase a todos os membros da unidade familiar e, en base ao mesmo, ofrecerase unha intervención dunha duración máxima de 12 meses, que consistirá nunha serie de servizos e apoios que se aplicarán en función das necesidades que presente cada familia participante tralo diagnóstico inicial.

Aplicaranse os seguintes paquetes, dentro dos cales se teñen definido 22 servizos ou apoios económicos en total:

a) Paquete social.



b) Paquete educativo.

c) Paquete emprego ou inclusión activa.

Cada familia beneficiaria poderá recibir un, dous o tres paquetes en función das súas necesidades. Así mesmo, a familia poderá recibir o ou os paquetes completos ou partes (distintos servizos e accións) dos distintos paquetes, sempre en función das necesidades e de que non estea recibindo os mesmos servizos ou apoios por outras vías.

No anexo II (Fichas da Carteira de servizos) figura a descrición, perfil de beneficiarios, idades, tipo de actividade, ratio profesional/ persoas usuarias, ratio grupal, perfil profesional, dedicación profesional, duración, metodoloxía e recomendacións para a intervención para cada un dos servizos da carteira; os cales deberán prestarse de acordo co indicado.

Terceira fase: Intervención

Unha vez finalizada a fase anterior, iniciarase a intervención coas familias que finalizará en outubro do 2023.

Por outra parte, no mes de inicio da intervención e no mes do seu remate, o equipo encargado da avaliación realizará unha entrevista (pasando un cuestionario) a todas as familias participantes no proxecto, tanto ás do grupo experimental como ás do grupo de control.

Peche do proxecto

O peche do proxecto terá lugar o mes seguinte á finalización do período de intervención, é dicir, o 30 de novembro de 2023.

Durante o último mes realizaranse exclusivamente actuacións relacionadas co dito peche, como verificar a carga de datos e rexistros, rematar informes ou realizar o pagamento de nóminas ou facturas.



No manual de intervención concretarase as actuacións das primeiras fases do proxecto con maior detalle.

2. Realización das actuacións necesarias para o desenvolvemento coherente e conxunto do programa

A Fundación Juan Soñador, como entidade responsable do proxecto, a través dun Equipo de coordinación técnica realizará as actuacións que sexan necesarias para o desenvolvemento coherente e conxunto do *programa* e a realización de actuacións complementarias para a xestión e a avaliación do proxecto.

As ditas actuacións comprenderán actuacións para que alcancen os seus obxectivos, incluíndo a área económica; o seguimento dos obxectivos e o apoio á xestión administrativa, incluído o rexistro e soporte semestral, trimestral e mensual da información global da execución do proxecto; incluíndo entre outras:

- A coordinación xeral da execución do proxecto.
- A planificación operativa e económica do proxecto e a concreción do Plan de traballo.
- O desenvolvemento de material informativo e de sesións informativas con axentes externos no proceso de promoción do proxecto.
- Elaborar a documentación necesaria para a adecuada execución do programa (consentimento informado...).
- O desenvolvemento dos procedementos e procesos de traballo.
- O desenvolvemento das ferramentas de xestión e intervención do proxecto (bases de datos de familias participantes para a asignación aleatoria, ferramenta de diagnóstico, ferramenta do plan de actuación...).
- A formación a profesionais no modelo de intervención.



- A xestión técnica do proxecto, asegurando a súa execución conforme o modelo de referencia de implantación e a calidade na prestación do servizo ás familias.
- A coordinación do proceso de captación de familias no territorio de intervención.
- Supervisar a recompilación dos datos obtidos a través dos instrumentos de recollida de información de datos das persoas, da intervención desenvolvida e dos resultados acadados.

3. Realización de actuacións complementarias que sirvan de apoio para a xestión e a avaliación do proxecto

A Fundación Juan Soñador, a través da asistencia/s técnica/s que contrate para o apoio na xestión e para a avaliación do proxecto, realizará as seguintes actuacións:

Relacionadas coa avaliación

- Elaboración do cuestionario de avaliación que se pasará a todas as familias que participen no proxecto (a todas os do Grupo experimental-GE e do Grupo de control-GC) no mes inicial e final da intervención.
- Realización de dúas entrevistas a todas ás familias do GE e de GC, unha no mes inicial (novembro 2022) e outra no mes final da intervención (finais outubro/novembro 2023), para pasarlles os cuestionarios: os cuestionarios se pasarán a un total de 3.433 familias dúas veces (1.700 do GE e 1.733 do GC) e, unha vez recollidos os datos, introduciranse no sistema de rexistro de información.
- Coordinación das tarefas relativas á avaliación do proxecto.
- Apoio no deseño metodolóxico e o desenvolvemento dos instrumentos de avaliación.



- Apoio nas funcións e tarefas de avaliación de impacto mediante o método experimental (RCT) que o Ministerio realizará no marco do proxecto.
- Coordinación da avaliación cuasiexperimental nos territorios rurais.

Relacionadas coa xestión para a posta en marcha do proxecto

- Apoio para a xestión administrativa e económica do proxecto: orientacións para a execución do presuposto (elixibilidade de gastos, instrumentos xurídicos de contratación, regras de subcontratación...), para o seguimento técnico e contable no sistema de xestión co CoFFEE-MRR e para a definición e elaboración de ferramentas necesarias para garantir a pista de auditoría das actuacións e o arquivo dos soportes documentais necesarios para a xustificación e as auditorías.
- Formación na xustificación do proxecto.
- Desenvolvemento de ferramentas para a xestión económica e o seguimento do proxecto, entre as que estarán os instrumentos para a recollida da información de gastos para a pista de auditoría (contratos, gastos de actividades, follas de control de tempo...).
- Elaboración do cadro de mando que permita coñecer os niveis de execución das actuacións e o do gasto e o seu axuste á senda e fitos previstos.
- Elaboración de informes de execución técnica e de previsión de riscos de execución cando se requiran, que será alo menos con carácter trimestral.
- Asegurar o cumprimento das cuestións de tipo normativo que afecten á execución dos investimentos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, en especial as relacionadas co tratamento de datos de carácter persoal, coa visibilidade e comunicación, a prevención do fraude e conflitos de intereses e outras aplicables.



TERCEIRA.- Comisión técnica para o desenvolvemento do proxecto

Corresponde á Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Inclusión Social, o impulso e dirección técnica do proxecto. Neste sentido, asume o control técnico e financeiro do proxecto, a interlocución co Ministerio de Inclusión, Seguridade Social y Migraciones e a supervisión da elexibilidade e non concorrencia das actuacións que se desenvolven con persoas destinatarias últimas do proxecto, velando porque non se produza o solapamento das axudas e servizos da carteira do proxecto con outras axudas públicas de carácter social xestionadas na Xunta de Galicia.

Para estes efectos, constituirase unha comisión técnica integrada pola persoa responsable da Subdirección Xeral de Inclusión Social, do Servizo de Prestacións e Acción Social e de dous/dúas técnicos/as integrantes daquela, que actuará en coordinación cos demais departamentos da Xunta de Galicia que xestionen axudas públicas de carácter social, a efectos de verificar que non existe concorrencia na concesión das mesmas . Esta comisión asume as seguintes funcións:

- Recepcionar a información relativa á proposta de intervención e das axudas que as entidades de iniciativa social colaboradoras consideran axeitada en función das necesidades identificadas para cada unha das familias destinatarias.
- Comprobar que as intervencións e axudas propostas en cada proxecto de intervención familiar non se están a percibir por aquelas que xa sexan beneficiarias doutras de inclusión social similares, salvo no caso de que se xustifique a súa complementariedade para facer fronte a necesidades que precisen un reforzo suplementario ou de maior intensidade.
- Validar as propostas de intervención e das axudas remitidas polas entidades de iniciativa social e comunicárllelo para que procedan ao seu desenvolvemento e aplicación. Así mesmo, no caso de concorrencia instarase a considerar unha alternativa de recurso a aplicar en cada caso.
- Resolver todas aquelas incidencias que se poidas presentar durante a execución do proxecto.



Esta comisión reunirse cando sexa preciso para realizar as funcións indicadas no parágrafo anterior.

CUARTA.- Obrigas da Fundación Juan Soñador

En cumprimento do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, son obrigas da entidade beneficiaria:

- a) Cumprir os requisitos para obter a condición de entidade beneficiaria estipulados no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- b) Cumprir todos e cada un dos obxectivos, actividades e proxectos, adoptar os comportamentos que fundamentaron a concesión da subvención e cumprir os compromisos asumidos con motivo desta. Noutro caso, procederá o reintegro total ou parcial, atendendo aos criterios establecidos no convenio.
- c) Xustificar ante a Consellería de Política Social e Xuventude o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o gozo da subvención.
- d) Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará a Consellería de Política Social e Xuventude, así como a calquera outra actuación de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores de acordo co artigo 22.2.e) do Regulamento(UE)2021/241, que contempla o sometemento expreso ás actuacións de comprobación e control da Comisión Europea, a Oficina Europea de Loita contra o Fraude (OLAF), o Tribunal de Contas Europeo e, no seu caso, a Fiscalía Europea, .
- e) Comunicarlle á Consellería de Política Social e Xuventude a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade,



procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

- f) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á entidade beneficiaria, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.
- g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control. Así mesmo, de conformidade co artigo 22.2.f) do Regulamento (UE) 2021/241, é preceptiva a conservación da dita documentación durante un período de 5 anos a partir do pagamento do saldo.
- h) Incluír na publicidade e en todo tipo de documentación e información relacionada coas actividades obxecto do convenio e nos lugares onde estas se realicen: "Subvencionado pola Xunta de Galicia – Consellería de Política Social e Xuventude, a Administración Xeral do Estado e pola Unión Europea-NextGenerationEU" cos seus respectivos logotipos.
- i) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e artigo 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. Asemade a entidade deberá cumprir a obriga de subministro de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.



- j) Subministrar á Consellería de Política Social e Xuventude, a través da Dirección Xeral con competencias en materia de inclusión social, toda a información necesaria para o cumprimento pola entidade das obrigas previstas na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de conformidade co disposto no artigo 4 da dita lei.
- k) Subministrar á Consellería de Política Social e Xuventude-toda a información necesaria para o cumprimento por parte da Fundación Juan Soñador das obrigas previstas segundo o proxecto. Neste senso, deberán facilitar os datos e indicadores dispoñibles nas súas bases de datos necesarios para o deseño, seguimento, e avaliación dos itinerarios de inclusión social que son obxecto da subvención. En particular, proveeranse datos da poboación de partida do proxecto, con información sobre as características de cada un deles así como das súas unidades de convivencia. Tamén rexistrarán información relativa ás actuacións realizadas que permitan a avaliación daquelas, o seguimento dos indicadores necesarios para avaliar o impacto dos itinerarios e o enriquecemento da información con outra información adicional.
- l) Presentar unha memoria das actividades realizadas, dentro do mes seguinte á finalización de cada anualidade de execución do convenio, e en todo caso no mes de xaneiro do ano seguinte á execución, que debe incluír os seguintes apartados:
- 1º. Xustificación do gasto segundo o artigo 28 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, e con data límite de xustificación segundo a cláusula sétima do convenio.
 - 2º. Actividades realizadas.
 - 3º. Recursos económicos, materiais e de persoal empregados.
 - 4º. Valoración global.
- m) Aceptar a cesión de datos ás Administracións Públicas implicadas nos termos indicados no anexo IV.



- n) Presentar a declaración responsable relativa ao cumprimento dos principios transversais establecidos no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), nos termos indicados no anexo V.
- o) Etiquetado verde e dixital: En aplicación dos artigos 2.2.b) e 4 da Orde HFP/1030/2021, deberán preverse medidas para cumprir o compromiso de etiquetado verde e dixital previsto (para cada compoñente) no PRTR, con base no Regulamento (UE) 2021/241.
- p) A execución do MRR exige o compromiso no cumprimento do principio horizontal de "non causar prexuízo significativo" que define o artigo 2.6) do Regulamento (UE) 2021/241, respecto dos 6 obxectivos medioambientais recollidos no artigo 5 da Orde HFP/1030/2021 e definidos no Regulamento (UE) 2020/852 (Regulamento de taxonomía da UE).
- q) Desenvolver o programa tendo en conta a lexislación vixente en materia de protección de menores e a primacía do superior interese do/a menor sobre calquera outro.
- r) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

QUINTA.- Orzamento

A Consellería de Política Social e Xuventude financiará o custo derivado da execución do presente proxecto que se subvenciona a través do convenio cunha contía global de 4.726.256,43 € con cargo a fondos procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU, segundo o Convenio asinado ao efecto con data do 20/08/2021 entre a Consellería de Política Social e o Ministerio de Derechos Sociales y Agenda 2030 e con cargo á aplicación orzamentaria



13.03.313C.481.6, na que existe crédito axeitado e suficiente para este fin, distribuído nas seguintes anualidades:

Anualidade	2022	2023
Importe	1.164.998,20 €	3.561.258,23 €

A subvención límitase á financiación dos gastos que aparecen desagregados no anexo III, e en ningún caso supón beneficio económico para a entidade conveniente.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

SEXTA.- Gastos subvencionables

Serán subvencionables as seguintes categorías de gastos, de acordo co detalle orzamentario que se especifica no anexo III:

1. Gastos das actuacións a realizar nos territorios da Coruña, Lugo e Ourense como entidade responsable e executora do proxecto:

a) Gastos de persoal:

A subvención cubre todos gastos e complementos salariais asociados (incluíndo a cota empresarial da Seguridade Social e a indemnización por finalización de contrato) ao pagamento de retribucións ao persoal da entidade vinculado ao proxecto mediante contrato laboral, tanto fixo como eventual, ou mediante un contrato de arrendamento de servizos.

A contratación de profesionais e complementos salariais aplicados a cada perfil realizarase de conformidade co convenio colectivo ao que estea suxeita a entidade.

O número de profesionais que se contrate en cada territorio, así como a duración de cada contrato, dependerá das necesidades que estime a entidade, co límite do orzamento total asignado para gastos de persoal a cada territorio, e con



independencia do número de profesionais e dos meses de contrato empregados para realizar o cálculo de necesidades desta partida do proxecto.

b) Dietas e gastos de viaxe:

A contía a financiar para este concepto será a equivalente á establecida para o grupo 2 no Decreto 144/2001, de 7 de xuño, de indemnizacións por razóns do servizo ao persoal con destino na Comunidade Autónoma de Galicia

c) Gastos de mantemento e actividades:

Imputaranse con cargo a este concepto os gastos derivados directamente da realización do proxecto:

- Gastos de locais: aluguer de bens inmobles y mobles (equipos informáticos...)
- Reparación e conservación dos elementos do inmovilizado.
- Subministracións (auga, electricidade, gas e combustibles)
- Comunicacións (teléfono, internet, etc...)
- Seguros de responsabilidade civil.
- Outros gastos de actividade: material de oficina non inventariable, etc.

d) Axudas directas ás persoas participantes no proxecto:

Imputaranse con cargo a este concepto as axudas directas a entregar ás persoas participantes no proxecto, de acordo coas descricións e importes detallados no anexo II (FICHAS DA CARTEIRA DE SERVIZOS), así como a entrega de becas de asistencia para promover á participación en programas formativos (5€/día)

e) Gastos de xestión e administración:

Serán subvencionables os gastos de xestión e administración relacionados co proxecto, incluíndo os custos xerais de estrutura necesarios e indispensables para a



súa idónea preparación ou execución, sempre que non superen o 10% do importe da subvención concedida.

Inclúense as retribucións ocasionadas polo persoal administrador ou con categoría administrativa, incluídas as cotas de seguros sociais. As retribucións para estes perfíles non poderán ser superiores ao que figura na partida 1 (persoal).

Poderán imputarse así mesmo os gastos derivados de auditorías externas sobre a xestión do programa por parte da entidade e/ou da implantación de procedementos de control de calidade.

2. Gastos do Equipo de Coordinación técnica: ditos gastos son os que comprenden as actuacións que sinalan no punto 2 da cláusula segunda.

3. Gastos do Apoio na xestión e na avaliación do proxecto: ditos gastos son os que comprenden as actuacións que sinalan no punto 3 da cláusula segunda.

SÉTIMA.- Xustificación e control

A actividade e os gastos que poidan ser subvencionables, incluídos os xerados polo desenvolvemento das actuacións complementarias que sirvan de apoio para a xestión e a avaliación do proxecto, deben xustificarse ano a ano segundo os orzamentos especificados para cada anualidade, de conformidade ao previsto no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

As xustificacións comprenderán os gastos realizados e pagados entre o 1 de xullo e o 31 de decembro do ano 2022 (anualidade 2022) e o 1 de xaneiro do 2023 e o 30 de novembro do ano 2023 (anualidade 2023) de execución do programa, coa excepción dos gastos relativos a persoal que se detallan no apartado 3 desta cláusula. Os gastos correspondentes ao mes de novembro de 2023 unicamente poderán corresponderse cos necesarios para a realización de actuacións relacionadas co peche da intervención, como verificar a carga de datos e rexistros, rematar informes ou realizar o pagamento de nóminas ou facturas

A tal efecto debe presentarse:



a) Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos e que debe incluír os seguintes apartados:

1º. Xustificación do gasto segundo o artigo 28 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, con data límite de xustificación do 2 de xaneiro de 2023 no caso da primeira anualidade de execución e do 20 de decembro de 2023 no caso da segunda.

2º. Actividades realizadas.

3º. Recursos económicos, materiais e de persoal empregados.

4º. Valoración global.

b) Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterà:

1º. Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, coa identificación do acredor e do documento, o importe, a data de emisión e, no seu caso, data do pagamento. No caso de que a subvención se outorgue consonte a un orzamento, indicaranse as desviacións producidas.

2º. As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico- mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior a documentación acreditativa do pagamento. As mesmas serán cotexadas por parte da órgano encargado do control da documentación presentada.

No caso das axudas directas ás persoas participantes no proxecto, será necesario aportar documentación que acredite suficientemente o gasto efectuado, a través de facturas ou recibos de compra que se correspondan co obxecto da axuda, así como documentos de entrega asinados polas persoas destinatarias finais.

3º. Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos custos xerais e/ou



indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra a), agás naqueles casos no que as bases reguladoras da subvención teñan previsto a súa compensación mediante un tanto alzado sen necesidade de xustificación.

4º. Os tres orzamentos que, en aplicación do art. 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, deban solicitar a entidade beneficiaria.

c) En canto aos custos salariais, a Fundación Juan Soñador deberá presentar, referida á mensualidade ou mensuralidades polas que se solicita, a seguinte documentación:

1º. Relación nominal dos/as traballadores/as que se inclúen como xustificación do programa subvencionado.

2º. Recibos de salarios.

3º. Documentos de Relación Nominal de Traballadores (RNT) e de Relación de liquidación de cotizacións (RLC) correspondentes aos meses imputados.

4º. Impresos de liquidación nominal do IRPF (modelos 111 e 190).

Todos os documentos anteriores deberán ir acompañados polo xustificante da transferencia ou cargo bancario correspondente que acredite a realización do seu pagamento. Estes xustificantes non serán esixibles para aqueles gastos realizados no derradeiro mes de cada un dos anos de vixencia do convenio, cuxo pagamento efectivo sexa imposible dentro do prazo de xustificación por causas non imputables á Fundación Juan Soñador. Nestes casos será suficiente coa presentación do resto da documentación requirida. Tampouco serán esixibles, no momento da xustificación os documentos xustificativos do gasto da seguridade social para o mes de decembro e o impreso de liquidación nominal do IRPF do cuarto trimestre de cada ano.

A Fundación Juan Soñador comprométense á presentación dos documentos de Relación Nominal de Traballadores (RNT) e de Relación de liquidación de



cotizacións (RLC) para o mes de decembro así como os impresos de liquidación nominal do IRPF do cuarto trimestre e dos respectivos xustificantes de pagamento que non se poidan presentar no momento da xustificación final, unha vez obren no seu poder, para o que disporán dun prazo máximo de dous meses.

A cantidade a imputar á actividade subvencionada será do 100% do gasto do/a profesional, en tanto este deberá adicar o total da xornada a desempeñar tarefas das actuacións subvencionadas.

A subvención cubre os gastos salariais e de Seguridade Social incluíndo, no seu caso, a indemnización de fin de contrato.

- d) En canto á xustificación do cumprimento de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, a Consellería de Política Social e Xuventude a través da Dirección Xeral de Inclusión Social poderá consultar a través dos medios electrónicos dispoñibles os datos incluídos nos documentos que a continuación se indican elaborados polas administracións públicas agás oposición expresa da Fundación Juan Soñador, en cuxo caso deberá aportar a documentación acreditativa do cumprimento da dita obriga para o outorgamento da subvención:

1º. NIF da entidade.

2º. DNI ou NIE da persoa que a represente.

3º. Certificado sobre cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de la Administración Tributaria.

4º. Certificado sobre o cumprimento das obrigas coa Seguridade Social.

5º. Certificado sobre cumprimento das obrigas tributarias coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

No caso da imposibilidade da obtención dos citados datos poderase solicitar á Fundación Juan Soñador a presentación dos documentos correspondentes.



A Fundación Juan Soñador, no momento da xustificación da execución total do proxecto e, en calquera caso, antes de realizar cada pagamento, presentará unha declaración de todas as axudas solicitadas para este mesmo programa, tanto aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, das distintas Administracións Públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

Sen prexuízo do período subvencionable previsto para cada anualidade no marco deste convenio de colaboración, a Fundación Juan Soñador terá como prazo límite o 29 de xaneiro de 2024 para remitir á Consellería de Política Social e Xuventude a través da Dirección Xeral de Inclusión Social, unha memoria final conxunta de actuación dos dous exercicios, na que se recollerán as experiencias do funcionamento do programa, que incluirá: o número de familias contactadas para participar no programa, o número de familias atendidas na fase de intervención (persoas adultas e menores atendidas), as actividades realizadas, os medios humanos e materiais empregados e aqueles outros aspectos que a entidade considere salientables.

OITAVA.- *Pagamento*

O pagamento realizarase en aplicación dos artigos 26.4 e 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, do seguinte xeito:

- a) Tras a sinatura do presente convenio realizarase o pagamento do 100% da anualidade 2022 en concepto de anticipado.
- b) Para o pagamento da anualidade 2023 poderán realizarse pagamentos parciais e anticipados do seguinte xeito:
 - 1º. A cantidade de 1.780.629,12 (50%), será satisfeita ao inicio da anualidade 2023, co obxecto de que se poidan cubrir os custos necesarios para non interromper o desenvolvemento do programa, e unha vez comprobado que a



entidade presentou axeitadamente a xustificación correspondente á anualidade 2022.

No caso de que o importe achegado con cargo á anualidade 2022 non estea executado na súa totalidade, deberá achegarse así mesmo xustificante de pagamento de reintegro do remanente non aplicado na conta habilitada da facenda pública galega.

O emprego desta cantidade xustificárase mediante as correspondentes facturas antes do derradeiro pagamento.

2º. A contía restante de 1.780.629,11 (50%), pagarase a medida que se xustifique a actividade descrita no programa a subvencionar por este convenio para a anualidade 2023.

A este respecto, a entidade queda exonerada de constituír as garantías a que fan referencia os artigos 62.3 e 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, por tratarse de entidade coas características determinadas no artigo 65.4 f) do dito decreto.

NOVENA.- Fraude, corrupción e conflito de intereses

Calquera persoa que teña coñecemento de feitos que puidesen ser constitutivos de fraude ou irregularidade, en relación con actuacións financiadas total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea no marco deste convenio, poderá poñer os ditos feitos en coñecemento do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude da Intervención Xeral do Estado, por medios electrónicos a través da canle habilitada para o efecto (<https://www.igae.pap.hacienda.gob.es/sitios/igae/es-ES/Paginas/denan.aspx>), nos termos establecidos na Comunicación 1/2017, do 6 de abril, do citado servizo. Así mesmo, está tamén dispoñible, para os mesmos efectos, unha canle galega habilitada a través do portal de transparencia da Xunta de Galicia (<https://transparencia.xunta.gal/canle-de-denuncias>).

A Consellería de Política Social e Xuventude dispón dun Plan Específico de Prevención de Riscos de Xestión e Medidas Antifraude, ao que se pode acceder a través do



seguinte enlace: https://transparencia.xunta.gal/integridade-institucional/plans-antifraude?langId=es_ES

DÉCIMA.- Compatibilidade

Esta axuda é incompatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais da Unión Europea ou de organismos internacionais, de acordo ao establecido, tanto no RD 938/2021 (art. 12) como na cláusula undécima do convenio suscrito entre a Secretaría Xeral de Obxectivos e Políticas de Inclusión e Previsión Social e a Consellería de Política Social e Xuventude da Xunta de Galicia, para a realización do Proxecto piloto de Abordaxe da pobreza infantil no marco do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia (BOE nº 26, de 31 de xaneiro de 2022).

O importe total non poderá ser superior ao importe do proxecto piloto.

Queda prohibida o dobre financiamento (artigo 188 do Regulamento Financeiro). As reformas e os proxectos de investimento financiados co Mecanismo de Recuperación e Resiliencia poderán recibir axuda doutros programas e instrumentos da UE sempre que a dita axuda non cubra o mesmo custo (artigo 9 do Regulamento MRR).

DÉCIMO PRIMEIRA.- Subcontratación

A Fundación Juan Soñador, de acordo co artigo 4 do Real Decreto 938/2021, de 26 de outubro, polo que se regula a concesión directa de subvencións do Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones no ámbito da inclusión social, no marco do PRTR, e a cláusula 9ª da Resolución de 21 de xaneiro do 2022, da Secretaría General de Objetivos y Políticas de Inclusión y Previsión Social, pola que se publica o Convenio coa Xunta de Galicia, para a realización deste proxecto piloto (BOE do 31-1-2022), e o artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e 43 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, poderá concertar con terceiros a realización parcial das actividades do proxecto piloto a subvencionar correspondente ás actuacións sinaladas no apartado 1 da cláusula 2ª ata o sesenta por cento, de acordo coas condicións e requisitos establecidos no artigo 215 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se

30



traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Entre os devanditos requisitos encóntrase a obriga de comunicarlle por escrito a Administración a intención de celebrar os subcontratos, a máis tardar ao inicio da execución do contrato, con indicación da parte da actividade que se pretende subcontratar e a identidade da persoa subcontratista, datos de contacto e representación legal deste, e xustificando suficientemente a aptitude da persoa subcontratista para executala por referencia aos elementos técnicos e humanos de que dispón e a súa experiencia, se ben no caso de que a persoa subcontratista tivera a clasificación adecuada para realizar a parte do contrato obxecto da subcontratación, a comunicación desta circunstancia eximirá ao contratista da necesidade de xustificar a aptitude de aquel. Deberá acreditarse que a persoa subcontratista non se encontra incurso en prohibición de contratar.

Para a realización das actividades do proxecto piloto a subvencionar correspondentes ás actuacións sinaladas nos apartados b) e c) da cláusula segunda, ao tratarse de actuacións complementarias á implantación do proxecto nas cidades de A Coruña, Lugo e Ourense consistentes no apoio na xestión e na avaliación do proxecto que teñen un carácter especializado e son necesarias para a execución do proxecto, a porcentaxe da subcontratación será do oitenta por cento da contía total dos dous subtipos de actuacións.

Segundo o artigo 17 do Real Decreto 938/2021, no caso de que a entidade beneficiaria da axuda subcontrate parte ou a totalidade da actividade obxecto desta subvención, deberá prever os mecanismos para asegurar que os subcontratistas cumpran co principio de «non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente» (principio DNSH).

A infracción das condicións establecidas no apartado anterior poderá implicar a imposición a entidade contratista dunha penalidade de ata un 50 por 100 do importe do subcontrato.



As persoas subcontratistas quedarán obrigadas só ante a entidade que as contrate, a cal asumirá a total responsabilidade na execución do proxecto fronte á Administración con suxeición estrita ás cláusulas do presente convenio.

DÉCIMO SEGUNDA.- Información básica sobre protección de datos persoais

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos); a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais disposicións vixentes sobre a materia, adoptando as medidas que resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos e a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Os datos persoais recadados no procedemento de concesión da subvención serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia - Consellería de Política Social, coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da concesión da subvención a través deste convenio.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida nas cláusulas do convenio e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.

Os datos serán comunicados ás Administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a execución do dito convenio ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.



A fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, a publicidade dos datos identificativos das persoas interesadas, tendo en conta o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, estará suxeita ao cumprimento da normativa de transparencia, de subvencións coas limitacións que ao efecto procedan, a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como Diarios Oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

Para acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou de xeito presencial nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explícita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

A Fundación Juan Soñador tratará os datos coas finalidades e os usos exclusivamente precisos para a execución deste proxecto, polo que non poderán ser usados para un fin distinto. A Fundación Juan Soñador será cesionaria da información que lle subministre a Consellería e a recabada polos seus propios medios, e será responsables do tratamento da información. Os datos persoais aos que teña acceso non serán comunicados a terceiros, nin sequera para a súa conservación.

DÉCIMO TERCEIRA.- Comisión Mixta de Seguimento

Para o seguimento da execución do convenio ou coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, proposta de modificación e resolución ou efectos que



poidan xurdir, prevese a creación dunha comisión mixta que estará formada polos seguintes membros:

a) Dúas persoas representantes da Consellería de Política Social e Xuventude, unha delas será a titular da Subdirección Xeral de Prestacións e Programas de Inclusión que actuará como presidente/a da comisión e, a outra, a titular da Xefatura do Servizo de Prestacións e Acción Social, así como as respectivas persoas que as suplan, que serán designados pola persoa titular da Conselleira.

b) Unha persoa representante da Fundación Juan Soñador e, no seu caso, a persoa que a supla, designada pola súa presidencia.

Actuará como secretario/a, con voz pero sen voto, un/unha funcionario/a da Dirección Xeral competente en materia de Inclusión Social e, no seu caso a persoa que asuma a súa suplencia designadas pola persoa titular da Consellería a proposta da Dirección Xeral.

Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio no marco da concesión da subvención pública. Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida, serán resoltas pola conselleira de Política Social e Xuventude.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015 do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO CUARTA.- Vixencia

O presente convenio entrará en vigor desde a data da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2023.



Non obstante abranguerá as accións obxecto do proxecto piloto que se realicen desde o 1 de xullo de 2022 relacionadas coa preparación da posta en marcha do dito proxecto.

DÉCIMO QUINTA.- *Natureza xurídica e cuestións litixiosas*

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Así mesmo, as cláusulas do convenio suxeitaranse ao disposto no Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión; o Regulamento (UE) 2021/241, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, e o Regulamento (UE) 2020/2094 do Consello, de 14 de decembro de 2020, polo que se establece un Instrumento de Recuperación da Unión Europea para apoiar a recuperación tras a crise da COVID-19 (DO L 433I de 22.12.2020, páx. 23-27).

Ademais, réxense polo establecido no Real Decreto Lei 36/2020, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia; o Real Decreto 938/2021, de 26 de outubro, polo que se regula a concesión directa de subvencións do Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones no ámbito da inclusión social; e na Resolución de 21 de xaneiro do 2022, da Secretaría General de Objetivos y Políticas de Inclusión y Previsión Social, pola que se publica o Convenio coa Xunta de Galicia, para a realización deste proxecto piloto (BOE núm. 24 do 31 de xaneiro de 2022).

No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexerese polo establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro.



As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social e Xuventude poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo dun mes se a resolución fose expresa. Se o acto non fora expreso, poderase interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderase interpor directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se este fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

DÉCIMO SEXTA.- Causas de resolución

Serán causas de resolución do presente convenio:

- a) Incumprimento total ou parcial de calquera das súas cláusulas que o regulan.
- b) Pola aplicación dos fondos a fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- c) Polo transcurso do tempo fixado sen que se execute o investimento obxecto da subvención.
- d) As establecidas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procedendo, se fora o caso, o reintegro total ou parcial da axuda percibida e dos xuros de mora devindicados dende o momento do seu pagamento ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.



De resolverse o convenio, a Consellería de Política Social e Xuventude, poderá exixir á Fundación Juan Soñador o reintegro das cantidades aportadas. Igualmente, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, cada unha das partes procederán ao reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda, illado ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o custo da actividade subvencionada.

En canto aos efectos estarase ao establecido no artigo 52 da citada da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

DÉCIMO SÉTIMA.- *Comunicación, divulgación e publicidade*

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes autorizan a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente convenio no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.

Segundo a cláusula novena da Resolución de 11 de setembro de 2021, da Secretaría de Estado de Dereitos Sociais, pola que se publica o Convenio coa Comunidade Autónoma de Galicia, para a execución de proxectos con cargo aos fondos europeos procedentes do Mecanismo para a Recuperación e Resiliencia, os asinantes comprométense a



destacar, en cantas actividades realicen para a difusión das accións previstas no presente Convenio, o financiamento efectuado pola Administración Xeral do Estado, así como facelo constar en cuantos materiais se reproduzan e utilicen para a difusión ou publicidade do convenio financiado, de acordo co establecido no «Manual de imaxe Institucional da Administración Xeral do Estado».

Adicionalmente, os asinantes farán mención da orixe deste financiamento e velarase por darlle visibilidade, mediante o emblema da Unión e unha declaración de financiamento adecuado que indique «financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU», en particular cando promovan as accións e os seus resultados, facilitando información coherente, efectiva e proporcionada dirixida a múltiples destinatarios, incluídos os medios de comunicación e o público. Esta publicidade realizarase de conformidade co establecido no artigo 34.2 do Regulamento (UE) 2021/241 e conforme ao establecido no Manual de Marca do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia confeccionado pola Secretaría de Estado de Comunicación.

E, en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes asinan dixitalmente este convenio.

Pola Fundación Juan Soñador

Pola Consellería de Política Social e Xuventude

O representante legal

A conselleira de Política Social e Xuventude

P.A. Decreto 153/2022, do 13 de setembro (*Diario Oficial de Galicia* nº175, do 14.09.2022).

O Vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación

Francisco Rodríguez Míguez

Francisco José Conde López



Anexo I

Descrición xeral do proxecto

1.- Descrición xeral

A Xunta de Galicia pretende mediante este proxecto mellorar os niveis de inclusión social das familias con menores perceptoras do IMV e da RISGA especialmente de aquelas en contextos urbanos desfavorecidos e en áreas rurais en exclusión territorial.

Para iso, o proxecto piloto de pobreza infantil, que se desenvolverá dende xaneiro de 2022 ata marzo de 2024, centrarase en proporcionar durante un máximo de 12 meses apoios específicos para a atención social e activación inclusiva, o apoio socioeducativo e para mellorar ou promover a participación laboral. Trátase, concretamente, de apoios personalizados e, en consecuencia, adaptados ás persoas beneficiarias en tres dimensións: un Paquete de apoio social que incluírá dimensións como coidado e saúde, vivenda e subministración enerxética, competencias dixitais, parentalidade e redes de espazos e cooperación; un Paquete de apoio educativo que se centrará no apoio para a continuidade e o éxito educativo dos e das menores; e un Paquete de inclusión activa que se centrará no apoio á formación e acceso ao emprego e na conciliación.

O proxecto dirixirase a unidades familiares con menores perceptoras do IMV (Ingreso Mínimo Vital) ou da RISGA (Renda de Inclusión Social de Galicia) e outras unidades familiares que, non sendo perceptoras, están en circunstancias asimilables. Centrarase especificamente en aquelas unidades que residen en zonas urbanas e periurbanas, e prestarase atención particular ás persoas que viven en áreas en exclusión territorial, que son principalmente rurais e do interior de Galicia. A priorización destas unidades familiares ven determinada pola constatación das altas taxas de pobreza infantil entre quen percibe IMV/RISGA, e pola necesidade de reforzar os apoios e mellorar a adaptación ás súas necesidades a través de servizos específicos dirixidos a súa inclusión.



A execución operativa do proxecto e as súas actuacións levaranse a cabo pola entidade de iniciativa social especializada neste tipo de intervencións. A través da fórmula xurídica de convenio de colaboración instrumentarase a execución das actividades por parte destas entidades.

A hipótese da que parte o proxecto baséase en que unha oferta integral de apoios personalizados e adaptados ás persoas beneficiarias mellora os niveis de inclusión; deféndese ademais que se poden conseguir mellores niveis de inclusión social cando se traballa con toda a unidade familiar e non só ca persoa titular do IMV/RISGA; e que estas melloras teñen maiores efectos cando nos diriximos a familias con menores. Entendemos, ademais, que se estas intervencións teñen unha dimensión comunitaria os efectos poden ser máis positivos.

Atendendo ao carácter experimental do proxecto, o seu impacto avaliarase en sete territorios aplicando a metodoloxía de asignación aleatoria (RCT) para definir o grupo de tratamento (experimental) e o grupo de control, co obxecto de medir os efectos netos da intervención que se levará a cabo. No resto dos territorios de intervención do proxecto (dos de ámbito rural) abordarase unha avaliación de resultados da intervención sobre un único grupo destinatario; empregarase a metodoloxía máis idónea tendo en conta as características do pilotaxe e o tamaño da mostraxe.

A xestión dos fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, e especialmente este proxecto que ten carácter experimental, require competencias adecuadas e ao mesmo tempo práctica e coñecemento dos requisitos e procesos administrativos. É importante, polo tanto, poñer dende o primeiro momento os medios e mecanismos adecuados para garantir que o proxecto se vai executar de acordo aos requisitos e estándares exixidos pola Comisión Europea e a normativa aplicable á execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Por outra parte, a rapidez coa que se ten que executar o proxecto e a complexidade do mesmo tanto nos aspectos de planificación, xestión e de deseño de sistemas de recollida de información, como nos de avaliación, require dun equipo humano dedicado e especializado.



2.- Obxectivos

Obxectivo xeral

Mellorar os niveis de inclusión social das familias con persoas menores perceptoras do IMV e da RISGA especialmente daquelas que viven en contextos urbanos desfavorecidos e en áreas rurais en exclusión.

Obxectivos específicos

1. Ofrecer ás unidades familiares de intervención apoios e servizos de múltiple natureza e dimensión (social, residencial, enerxética...) adaptados que respondan as súas necesidades básicas e lles permitan acceder aos servizos removendo os obstáculos actuais, promovendo o exercicio pleno dos seus dereitos e a mellora da súa inclusión social (activación inclusiva).
2. Ofrecer aos/as menores das unidades familiares apoios específicos no ámbito educativo que contribúan a súa continuidade no sistema e melloren o éxito educativo, a participación co seu grupo de pares no ámbito extraescolar e contribúan a evitar a transmisión interxeracional da pobreza.
3. Ofrecer aos membros da unidade familiar en situación laboral activa -ou que potencialmente poderían estarlo- apoios personalizados e adaptados que lles permitan iniciar itinerarios cara o emprego, mellorando as súas competencias e apoiándoos na procura activa de emprego (inclusión activa).
4. Avaliar os resultados do proxecto e eventualmente o impacto acadado, illando os efectos que son atribuíbles á intervención realizada; e sacar leccións e recomendacións para as políticas de inclusión das persoas perceptoras de ingresos mínimos, en concreto IMV e RISGA.

3.- Modelo de intervención.

O proxecto piloto será implantado pola entidade de iniciativa social. A entidade deseñará e prestará plans individualizados de intervención con enfoque familiar, que



incluirán servizos intensivos de acompañamento e apoio axustados ás necesidades individuais e familiares dos membros que integran cada unidade de convivencia.

Os planes de intervención en cada liña de actuación ofrecerán servizos e apoios que abranguen dende a promoción das responsabilidades parentais a apoios nos ámbitos de saúde e/ou educativo, a vivenda, as competencias dixitais básicas e o emprego en varias áreas de actuación estruturadas en tres paquetes de apoio que se activarán en función das necesidades das familias:

- Paquete de apoio social.
- Paquete de apoio educativo.
- Paquete de activación cara ao emprego.

A intervención avaliada no marco do proxecto terá unha duración dun máximo de 12 meses.

4.- Actuacións complementarias para o desenvolvemento do proxecto

A Fundación Juan Soñador, ademais de intervir directamente coas familias destinatarias en tres áreas urbanas do proxecto, realizará, a través dun equipo de coordinación técnica, as actuacións que sexan necesarias para o desenvolvemento coherente e conxunto do *programa* e a realización de actuacións complementarias para a xestión e a avaliación do proxecto.

5.- Persoas destinatarias

O proxecto dirixirase a 1.700 familias con menores, residentes nas sete grandes cidades de Galicia, perceptoras do IMV e/ou da RISGA, e tamén a familias con menores residentes nas áreas rurais en situación de exclusión territorial de intervención do proxecto e que, aínda non sendo perceptoras das rendas anteriores, encóntranse en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social. Estas familias residentes en áreas rurais representarán aproximadamente o 15% do total de familias participantes e,



dentro de estas, daráselle prioridade ás familias monoparentais ou familias numerosas.

Estimando que en cada familia podería haber unha media de tres membros, calcúlase que o total de persoas directas participantes no proxecto sería de 5.100 persoas, das que aproximadamente un 40% poderían ser persoas adultas e un 60% menores.

6.- Ámbito territorial

O proxecto desenvolverase en todas as provincias galegas, concretamente nas cidades de A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Ferrol, Santiago de Compostela e Vigo, onde se concentran a maioría das persoas destinatarias, e en dúas áreas rurais, unha da provincia de Lugo (Rural 22) e outra na provincia de Ourense (conformada pola Rural 29 e a Rural 30).

7.- Actores intervinientes na execución.

Os actores intervinientes no fomento e na execución do proxecto serán os seguintes:

- Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións
- Xunta de Galicia- Consellería de Política Social
- Entidades de iniciativa social.

8.- Sistema de avaliación

No proxecto empregaranse dúas metodoloxías de avaliación:

a) Metodoloxía experimental Randomized Controlled Trial- RCT nas cidades:

Persigue o obxectivo de demostrar o efecto causal producido pola implantación do proxecto. Esta metodoloxía de medición do impacto permitirá, entre outros aspectos, determinar os efectos que se atribúen directamente ao proxecto ao comparar o Grupo experimental co Grupo control.



Aplicarase nas sete cidades nas que se implantará o proxecto, e a mostraxe será aleatoria entre familias participantes perceptoras da RISGA/IMV, tanto ás que formen parte do Grupo experimental como do Grupo de control. Este último grupo non recibe tratamento ou servizo algún do proxecto e serve como referente comparativo.

b) Metodoloxía de avaliación de resultados en dúas áreas rurais de intervención:

Esta metodoloxía permitirá avaliar o proxecto nos territorios rurais de intervención e os perfís da poboación obxectivo, cumprindo de facto ca prioridade do proxecto. Ao igual que na avaliación experimental, trátase de medir o impacto do proxecto e estimar os efectos atribuíbles á intervención co condicionante da posibilidade de sesgo que introduce unha selección que non cumpre coa aleatoriedade, pero que responde a criterios técnicos de valoración de profesionais dos Servizos sociais.

Nas áreas rurais traballarase con familias con menores perceptoras de RISGA ou IMV ou familias con menores en situación ou risco de exclusión social no ámbito rural unicamente cun grupo de intervención e non se formará Grupo de control.

9.- Sistema de recollida de información

A entidade de iniciativa social rexistrará os datos da xestión do proxecto de xeito homoxéneo nunha ferramenta de recollida de información e de rexistros, co fin de realizar un seguimento das actuacións do proxecto en cada territorio e do conxunto do proxecto.

Os datos que rexistrarán serán tanto de carácter administrativo contable como de carácter técnico-metodolóxico, e permitirán realizar un seguimento periódico do grao de execución do proxecto (semanal, mensual o trimestral segundo os casos), así como dos obxectivos fitos e que ten trazados.

A entidade rexistrará na ferramenta, segundo se defina nas instrucións que se editen, os datos relativos aos plans de intervención das familias participantes, os cales



incluirán os paquetes de apoio social, educativo e/ou de activación cara ao emprego que recibirán en función das súas necesidades; así como os datos relativos a súa implantación e/ou os cambios que poidan producirse respecto á previsión inicial da recepción servizos.

Por outra banda, o Equipo de avaliación do proxecto introducirá a información que se obteña na recollida de datos das familias do Grupo experimental e do Grupo de control nos dous momentos de avaliación (pase de cuestionarios a ambos os dous grupos no inicio e o final da intervención), incluída a relativa aos servizos que as familias de ambos grupos poidan recibir durante o período de intervención dende entidades alleas ao proxecto. Sen prexuízo do traballo do equipo de avaliación, a entidade de atención directa ás familias destinatarias recollerán e manterán actualizada a información relativa a aquelas que forman parte do Grupo experimental, deixando constancia de todo coñecemento de participación ou beneficio dun ben ou servizo que impacte na súa situación. Esta información conservarana para lle facilitar, no seu caso, ao equipo de avaliación do proxecto.

A totalidade dos datos recollidos na ferramenta permitirá medir o impacto da participación nas distintas dimensións (activación inclusiva, inclusión activa e éxito educativo), tendo en conta que para a medición do impacto do proxecto esíxense eses dos momentos de recollida de información, tanto para o Grupo experimental como para o Grupo de control no caso da avaliación RCT, como para o primeiro no caso da avaliación de resultados.

Por último, a entidade tamén introducirá os datos que poidan recollese por outras vías o outros rexistros, como os rexistros administrativos do IMV e da RISGA previo consentimento informado das familias (dereito e contías) ou outros rexistros, como por exemplo, do eido educativo sobre éxito escolar.



ANEXO II

FICHAS DA CARTEIRA DE SERVIZOS DO PROXECTO PILOTO DE ABORDAXE DA POBREZA INFANTIL



1 Grupos de formación en saúde e coidados

Descrición	<p>Obradoiro con formato grupal no que se abordarán, dende unha metodoloxía teórico-práctica, aspectos básicos da saúde e o autocoidado, como:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Hixiene do sono. • Dieta equilibrada e nutrición infantil. • Promoción da actividade física. • Prevención e manexo de adiccións. • Saúde mental e emocional. • Orde e limpeza no fogar, coidado e mantemento dos espazos comúns. • Hábitos de consumo e administración da economía. • Xestión de residuos. • Autocoidado e calquera outra temática que se considere de interese para abordar segundo os perfís acompañados.
-------------------	--

Perfil de beneficiarios	Pais e/ou nais, así como nenos, nenas e adolescentes (NNA), nos que se detecten dificultades para a xestión emocional, carencias no autocoidado ou, no caso dos proxenitores, deficiencias na cobertura de necesidades de fillos e fillas.
Idades	A partir de 8 anos.
Tipo de actividade	Grupal.
Ratio profesional/ persoas usuarias	Máximo 1/18 persoas.
Ratio grupal	Entre 12-18 persoas.
Perfil profesional	Persoa titulada na rama social con experiencia en intervención con persoas en situación de vulnerabilidade.
Dedicación profesional	Mínimo 1 profesional por grupo. 1 profesional por cada 6 accións formativas 96 horas/ano.
Duración	Cada obradoiro terá unha duración de 16 horas, que se realizará en 8 sesións de 2 horas de frecuencia semanal.



Metodoloxía

A metodoloxía basearase nun aporte teórico-práctico por parte dos profesionais e a experimentación e construción do propio coñecemento, aproveitando a forza e impulso do grupo como factor motivacional, activador de interaccións e grupo de referencia entre iguais. Favoreceranse así os procesos de reflexión e discusión, dinamizados e modulados pola persoa condutora do grupo.

Acompañaranse os procesos persoais aportando unha exposición teórica á vez que un adestramento práctico a través de: exposición teórico-práctica, traballo persoal e apoio audiovisual.

A metodoloxía favorecerá o intercambio de experiencias e a creación de grupos de apoio psicoemocional baseados nunha vivencia relacional sostida dende a empatía e o empoderamento persoal. Facilitarase a abordaxe de testemuñas entre persoas que viviran (ou estean vivindo) situacións similares no ámbito da saúde e os coidados a partir do traballo grupal, a súa capacidade transformadora e o acompañamento entre pares, permitindo así que as persoas se abran a novas formas de pensamento e reflexión.

Recomendacións para a intervención

Os grupos terán temáticas definidas, pero deberanse adaptar ás inxedanzas emerxentes no grupo e ás necesidades que xurdan a partir das interaccións.

Existirá unha programación para cada sesión, así como un listado de participantes e unha avaliación ao final da acción formativa.



2 Orientación individualizada en saúde e coidados

Descrición	Servizo de atención individual que terá como obxectivo mellorar o funcionamento persoal e familiar. Tratarase de sesións de intervención individual coas persoas ou coas familias para a abordaxe das situacións e experiencias que atravesan as persoas e que poidan estar exercendo un impacto negativo no ámbito biopsicosocial. Nestas sesións fomentarase a identificación e toma de conciencia da propia realidade, traballarase no autocoñecemento e impulsarase a reflexión e a toma de decisións para traballar, xunto coa persoa ou familia beneficiaria, a modificación de condutas e actitudes e o recoñecemento das (auto)percepcións; de xeito que as persoas poidan apropiarse dos seus propios procesos e mellorar así o seu benestar psicoemocional.
Perfil de beneficiarios	Pais e/ou nais, así como nenos, nenas e adolescentes (NNA), nos que se detecten dificultades para a xestión emocional, carencias no autocoidado ou, no caso dos proxenitores, deficiencias na cobertura de necesidades de fillos e fillas.
Idades	Persoas de calquera idade.
Tipo de actividade	Individual ou familiar.
Ratio profesional/ persoas usuarias	1 profesional referente para cada 18 persoas ou familias. A intervención será individual ou familiar.
Perfil profesional	Persoa titulada na rama social con experiencia en intervención con persoas en situación de vulnerabilidade.
Dedicación profesional	1 profesional entre 36 e 60 horas por familia.
Duración	Ata un máximo de 60 horas en 12 meses (entre 3 e 5 sesións mensuais dunha hora por persoa/familia).
Metodoloxía	Entrevistas de asesoramento e orientación individual e familiar en despacho e domicilio, empregando ferramentas e técnicas de intervención psicosocial e educación familiar.
Recomendacións para a intervención	Teranse en conta o punto de partida das familias e persoas, as súas historias de vida e o tempo de intervención para fixar obxectivos concretos e asumibles partindo da aprendizaxe vivencial como motor de cambio. Prestarase atención nas sesións grupais de saúde e coidados a identificar situacións persoais ou familiares que requiran desta atención individualizada



3 Axudas para gastos sanitarios

Descrición	Axudas económicas para facilitar o acceso a consultas médicas, ópticas, farmacéuticas ou terapéuticas que non se cubran dende os recursos públicos atendendo ás necesidades das familias.
Perfil de beneficiarios	Familias e NNA que precisen de atención médica, psicolóxica, farmacéutica ou terapéutica de forma inmediata, que non se poida cubrir dende a atención pública, e que non conten con recursos para cubrir o gasto.
Criterios para a concesión	<ul style="list-style-type: none"> • Identificación da necesidade por parte do profesional referente. • Demanda da familia. • Informe facultativo (oftalmólogo, odontólogo, médico de familia, etc.) no que se describa a atención ou a necesidade clínica a cubrir.
Gastos elixibles	<p>Gastos de:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Atención psicolóxica. • Atención sanitaria non cuberta pola seguridade social. • Atención odontolóxica. • Gafas, audiófonos, próteses e outros gastos relacionados con dispositivos ortopédicos similares. • Gastos farmacéuticos non cubertos pola Seguridade Social.
Periodicidade	Puntual segundo se requira.
Contía	Ata 200€ / ano por persoa.
Duración	En calquera momento durante o período de intervención.
Documentación xustificativa	<ul style="list-style-type: none"> • Recibín por parte das familias receptoras. • Declaración responsable respecto ao gasto e asistencia ás citas. • Facturas ou recibo de compra.
Recomendacións	-



4 Obradoiro grupal para mellorar a calidade da vivenda

Descrición	Obradoiro con formato grupal en sesións orientadas a informar e formar ás familias sobre aspectos básicos relacionados coa mellora da situación residencial: normativas de alugamento, contratación de subministracións, lectura de facturas, eficiencia enerxética, emprego adecuado da vivenda, etc.
Perfil de beneficiarios	Familias nas que se detecten dificultades para a xestión da vivenda.
Idades	Persoas adultas.
Tipo de actividade	Grupal.
Ratio profesional/ persoas usuarias	1/12-18 persoas.
Ratio grupal	Entre 12-18 persoas por grupo.
Perfil profesional	Persoa titulada na rama social con experiencia en intervención con persoas en situación de vulnerabilidade ou profesional con formación e/ou experiencia en materia de manexo da vivenda.
Dedicación profesional	Mínimo 1 profesional por grupo con 12 horas de dedicación (4h de preparación e administración, 8 de atención directa)
Duración	Cada acción formativa terá unha duración de 8 horas que poderá realizarse en varias sesións.
Metodoloxía	<p>A metodoloxía das sesións terá un compoñente práctico importante, fomentando a aprendizaxe a partir de, por exemplo, a análise dun contrato de alugamento, a comprensión dos diferentes conceptos dunha factura real de electricidade, etc. Establecerase un modelo metodolóxico aberto e participativo no que as persoas poidan expoñer as súas dúbidas reais e se traballe sobre elas.</p> <p>Ao longo das distintas sesións, levaranse a cabo diferentes tipos de actividades que faciliten este aprendizaxe práctico, o coñecemento do grupo sobre a materia en particular e a situación relacional do propio grupo: actividades para romper o xeo ou de iniciación, actividades para determinar o coñecemento inicial que posúen as familias sobre un tema en particular, actividades de relación ou diferenciación entre conceptos, actividades de investigación práctica (exemplo: lectura de</p>



factura real), etc.

Recomendacións para a intervención

As actividades deberán adaptarse ao grupo de familias ao que vai dirixido, favorecer a participación activa, facer fincapé nas súas potencialidades e non tanto nas súas carencias.

Existirá unha programación para cada sesión, así como un listado de participantes e unha avaliación ao final da acción formativa.



5 Orientación e apoio individualizado á vivenda

Descrición	<p>Sesións de asesoramento individualizado coas familias dirixidas a abordar problemáticas específicas relacionadas con aspectos sobre o mantemento da vivenda (desafiuzamentos), aspectos convivenciais (conflitos veciñais), abordaxe de faltas de pagamento (gastos de comunidade), busca de alternativas habitacionais (alugueiros sociais), etc.</p> <p>O servizo ofrecerá un mínimo de dúas entrevistas ou visitas a domicilio, en función da situación das familias e as dificultades presentadas, nas que se abordarán as problemáticas detectadas, ademais de poder acompañar ás familias a realizar trámites e xestións necesarios a outros servizos na comunidade.</p>
Perfil de beneficiarios	Persoas adultas de familias beneficiarias con dificultades na xestión da vivenda ou en situación de vulnerabilidade residencial.
Idades	18-64.
Tipo de actividade	Individual.
Ratio profesional/persoas usuarias	1 profesional referente para cada 18 persoas ou familias. A intervención será individual ou familiar.
Ratio grupal	-
Perfil profesional	Persoa titulada na rama social con experiencia en intervención con persoas en situación de vulnerabilidade ou profesional con formación e/ou experiencia en materia de manexar a vivenda.
Dedicación profesional	72 horas ao ano por cada 18 familias (mínimo dúas entrevistas ou visitas a domicilio de 2 horas de duración).
Duración	Mínimo de dúas entrevistas ou visitas domiciliarias ao ano por familia.



Metodoloxía

En base á metodoloxía xeral da intervención poderanse detectar necesidades relacionadas co mantemento da vivenda habitual ou aspectos de carácter máis convivencial que poidan estar interferindo na autonomía das familias e incluso sendo un obstáculo para os procesos de integración a nivel comunitario.

Unha vez identificada a problemática, realizaranse, polo menos dúas entrevistas ou visitas domiciliarias por familia, nas que poder valorar as circunstancias de cada caso e nas que abordar a información, acompañamento ou derivación a posibles recursos especializados.

Promoverase a autonomía das familias no proceso de resolución das dificultades, ofrecendo o apoio proporcional ás capacidades da propia familia, que poderá ir dende, por exemplo, ofrecer información básica sobre tramitación administrativa ata acompañar á familia na realización dos trámites.

Algunhas das situacións identificadas poderían ser obxecto de intervención noutro tipo de actividades como as sesións grupais para a mellora da calidade da vivenda (exemplo: uso adecuado da vivenda) ou de intervencións que permitan traballar outro tipo de competencias como habilidades para a convivencia, asertividade, resolución de conflitos, etc.

Dada a complexidade dalgunhas das temáticas é posible que sexa necesaria a colaboración de equipos especializados dos municipios/rexións (equipos de avogados no caso de desafiuzamentos, equipos de mediadores, etc.)

Recomendacións para a intervención

O proceso de descubrimento das potencialidades das familias require dunha exploración cooperativa xunto coa familia na que se realice a valoración da súa situación, das súas necesidades e da planificación da intervención, así como dos recursos a empregar para a súa mellora.

Trátase de entender os problemas e as dificultades da familia e proporcionar os recursos e os apoios necesarios para que cada familia potencie as súas capacidades e poida facer fronte ás necesidades e obstáculos aos que se vaia enfrontando.



6 Axudas ao pagamento da vivenda

Descrición	Axudas económicas para familias que non poden facer fronte ao pagamento de alugamento ou letra de hipoteca da súa vivenda habitual e no caso de non contar con outros medios.
Perfil de beneficiarios	Familias cuxa situación económica lles impida desenvolver a súa vida de xeito autónomo e que cumpran cos criterios de concesión.
Criterios para a concesión	Cando os Ingresos da unidade familiar menos os Gastos (vivenda + sanitarios + débedas + escolares) sexan: <200 euros para familias de 2 membros. <300 euros para familias de 3 membros ou máis. Para o pagamento de hipotecas valorarase cada caso e concederase en función do risco de perda de vivenda, debendo ser notificado por unha entidade bancaria polo menos en dúas ocasións a falta de pagamento.
Gastos elixibles	Gastos de alugamento da vivenda habitual ou pagamento de letras de hipotecas.
Periodicidade	Mensual segundo se requira.
Contía	Ata 150€ / mes.
Duración	En calquera momento durante o período de intervención ata un máximo de 12 meses.
Documentación xustificativa	<ul style="list-style-type: none"> • Recibín por parte das familias receptoras. • Contrato de arrendamento ou hipoteca. • Xustificante de pagamento ou recibo do propietario/a.
Recomendacións	<p>Antes da concesión, explorar coa familia se existen outras axudas posibles por parte doutros axentes e apoiar á tramitación no seu caso.</p> <p>Revisar o baremo mensualmente, aproveitando para traballar coa familia aspectos de xestión da economía doméstica.</p>



7 Axudas á reparación da vivenda

Descrición	Axudas económicas para pequenas reparacións ou obras na vivenda habitual necesarias para conseguir a súa habitabilidade, a eficiencia enerxética ou a adaptación a necesidades da familia ou algún dos seus membros (accesibilidade), en caso de non contar con outros medios.
Perfil de beneficiarios	Familias cuxa situación económica lles impida desenvolver a súa de xeito autónomo e que cumpran cos criterios de concesión.
Criterios para a concesión	Identificación da necesidade por parte do profesional referente a través de entrevistas de diagnóstico e/ou visitas domiciliarias. Recoméndase contar con algún soporte de diagnóstico técnico (exemplo: presuposto).
Gastos elixibles	Gastos de acondicionamento e reparacións da vivenda habitual. Inclúe compras e reparacións de electrodomésticos, caldeiras e similares.
Periodicidade	Puntual segundo se requira.
Contía	Ata 1500 € / ano.
Duración	En calquera momento durante o período de intervención.
Documentación xustificativa	<ul style="list-style-type: none"> • Recibín por parte das familias receptoras. • Declaración responsable respecto ao gasto. • Facturas ou recibo de obra, reparación ou compra.
Recomendacións	-



8 Axudas no pagamento de subministracións

Descrición	Axudas económicas para familias que non poden facer fronte aos custos de subministracións (auga, gas, luz) da vivenda habitual.
Perfil de beneficiarios	Familias cuxa situación económica lles impida desenvolver a súa vida dun xeito autónomo e que cumpran cos criterios de concesión.
Criterios para a concesión	Cando os Ingresos da unidade familiar menos os Gastos (vivenda + sanitarios + débedas + escolares) sexan: <200 euros para familias de 2 membros. <300 euros para familias de 3 membros ou máis.
Gastos elixibles	Gastos de subministracións de luz, auga ou gas da vivenda habitual.
Periodicidade	Segundo se requira.
Contía	Ata 300 € / ano.
Duración	En calquera momento durante o período de intervención.
Documentación xustificativa	<ul style="list-style-type: none"> • Recibín por parte da familia receptora. • Factura da subministración correspondente. • Xustificante de pagamento.
Recomendacións	<p>Valorar a pertinencia de que a familia participe nas sesións para a mellora da calidade da vivenda para adquirir hábitos de xestión de orzamentos e economía doméstica.</p> <p>Antes da concesión, explorar coa familia se existen outras axudas posibles por parte doutros axentes e apoiar á tramitación no seu caso.</p>



9 Obradoiro de competencias dixitais básicas

Descrición

Obradoiro con formato grupal no que se desenvolverán actividades dirixidas á adquisición de competencias dixitais: acceso a plataformas e contidos educativos, buscas eficientes en internet, coñecemento e emprego das redes sociais, seguridade e protección na navegación por Internet, xestión de trámites administrativos, etc.

O obxectivo do obradoiro será a redución da fenda dixital dos membros da familia para que poidan realizar tarefas básicas da vida diaria enfocadas á aprendizaxe, á mellora da empregabilidade, ao gozar san do tempo libre, á mellora das relacións sociais, etc.

Organizaranse os seguintes grupos con contidos axustados por idades:

- 4º-5º-6º de Educación Primaria.
- ESO/FP/Bacharelato.
- Persoas adultas.

Na programación das sesións abordaranse polo menos tres ámbitos:

1. Aprendizaxe: coñecemento de ferramentas, plataformas, páxinas chave de realización de trámites, de consulta, etc.
2. Ocio: emprego de redes sociais, coñecemento das mesmas, seguridade e privacidade, etc.
3. Emprego responsable: importancia dos hábitos saudables con respecto ao emprego dixital e das redes e coñecemento dos riscos e perigos se realizamos un emprego inadecuado.

Perfil beneficiarios	de NNA que cursan educación primaria ou secundaria e persoas adultas de familias beneficiarias.
Idades	8 anos en adiante.
Tipo actividade	de Grupal.
Ratio profesional/ persoas usuarias	Máximo 1/8-10 NNA ou adultos por grupo.



Ratio grupal	Entre 8 e 10 persoas por grupos segundo idades.
Perfil profesional	Persoa titulada na rama social, educativa, informática ou similar, con experiencia en intervención con persoas en situación de vulnerabilidade e con coñecementos medios-altos de informática e emprego de redes sociais
Dedicación profesional	24 horas por acción formativa (12 de formación e 12 de preparación) por grupo e por trimestre.
Duración	Cada acción formativa terá unha duración de 12 horas, que poderá realizarse en 6 sesións de 2 horas o 4 sesións de 3 horas cada dous meses.
Metodoloxía	<p>Promoverase unha metodoloxía centrada na aprendizaxe de forma interactiva e atractiva para as persoas e idades participantes.</p> <p>Darase importancia á interacción entre o grupo, o aprendizaxe entre iguais e o aprendizaxe experiencial.</p> <p>Deberase dispoñer de equipamento informático suficiente e adecuado para desenvolver a actividade con éxito.</p>
Recomendacións para a intervención	<p>Importancia de establecer os contidos das sesións en función dos obxectivos do servizo adaptando tamén os mesmos segundo a idade dos participantes, o contexto e o nivel inicial de cada grupo concreto.</p> <p>Favorecerase o aprendizaxe práctico, é dicir, adaptando o ritmo e a adecuación dos contidos ás necesidades e obstáculos que vaian dándose ao longo das xornadas das sesións. Trátase máis ben de adquirir competencias de manexo na vida diaria máis que de adquirir competencias técnicas especializadas.</p> <p>Existirá unha programación para cada sesión, así como un listado de participantes e unha avaliación ao final da acción formativa.</p>



10 Axudas para a conectividade

Descrición	Axudas económicas para facilitar o acceso a internet na vivenda habitual da familia.
Perfil de beneficiarios	Familias beneficiarias cuxa situación económica lles impida dispoñer de conectividade ou teñen limitacións importantes para o emprego educativo de todos os membros.
Criterios para a concesión	<ul style="list-style-type: none"> • Identificación da necesidade por parte do profesional referente. • Demanda da familia e exploración da situación (análise de dispositivos que posúen, situacións na que a conexión non responde ás necesidades da familia, sen dispositivos, sen conexión...) • Cobertura de ata un punto de conexión a internet por familia (ordenador, Tablet ou teléfono móbil).
Gastos elixibles	Pagamento de subministración de conexión a internet en prepago ou por contrato.
Periodicidade	Mensual segundo se requira.
Contía	Ata 50 € / mes por familia ata un máximo de 12 meses.
Duración	En calquera momento durante o período de intervención.
Documentación xustificativa	<ul style="list-style-type: none"> • Recibín por parte das familias receptoras. • Declaración responsable respecto ao gasto do contrato. • Factura de compra ou factura mensual.
Recomendacións	-



11 Axudas á dotación do equipamento informático

Descrición	Axudas económicas para facilitar a adquisición de equipamento informático que permita que os NNA poidan seguir con normalidade a súa escolaridade ou facilite os procesos de activación das persoas adultas da familia.
Perfil de beneficiarios	Familias beneficiarias cuxa situación económica lles impida dispoñer de equipamento informático para o uso educativo.
Criterios para a concesión	<ul style="list-style-type: none"> • Identificación da necesidade por parte do profesional referente. • Demanda da familia e exploración da situación (análise de dispositivos que posúen, sen dispositivos, necesidades reais, etc.) • Acreditar a participación no curso de competencias básicas dixitais de polo menos un membro da familia.
Gastos elixibles	Adquisición de tabletas, portátiles, ordenadores.
Periodicidade	Unha vez ao curso.
Contía	Ata 150 € por familia.
Duración	En calquera momento durante o período de intervención.
Documentación xustificativa	<ul style="list-style-type: none"> • Recibín por parte das familias receptoras. • Declaración responsable respecto ao gasto. • Factura ou recibo de compra. • Acreditación de participación no curso de competencias básicas dixitais.
Recomendacións	-



12 Obradoiro de responsabilidade parental

Descrición	<p>Obradoiro con formato de intervención grupal para apoiar e promover unha parentalidade ben tratante de nais e pais afectados por diferentes contextos de violencia e vulnerabilidade. As sesións formativas desenvolveranse a partir da realización dun conxunto de actividades organizadas, cada unha de elas con finalidades e obxectivos específicos.</p> <p>O obxectivo das sesións será apoiar e promover a resiliencia parental para que esta sexa o pilar fundamental da mellora das competencias familiares e a responsabilidade parental. O espazo de intervención servirá para introducir estratexias que permitan ás familias variar os patróns de crianza a través do aprendizaxe de novos modelos relacionais e de resolución de conflitos non violentos ademais de elementos de organización básicos para a vida diaria, o coidado familiar e a organización doméstica enfocados ao coidado parental (economía, alimentación, mantemento de vivenda...)</p>
Perfil de beneficiarios	Pais e/ou nais nas que se detecten carencias no coidado de fillos e fillas e a organización diaria, así como dificultades a nivel relacional e/ou emocional.
Idades	Pais e nais de calquera idade.
Tipo actividade	Grupal.
Ratio profesional/ persoas usuarias	Máximo 1/18 familias.
Ratio grupal	Entre 12-18 persoas por grupo.
Perfil profesional	Persoa titulada na rama social con experiencia en intervención con persoas en situación de vulnerabilidade.
Dedicación profesional	Mínimo 1 profesional por grupo. 1 profesional por cada 6 accións formativas 96 horas/ano.
Duración	Cada obradoiro terá unha duración de 16 horas en 8 sesións de 2 horas e frecuencia semanal durante dous meses.
Metodoloxía	<p>Acompañaranse os procesos persoais aportando unha exposición teórica á vez que un adestramento práctico a través de: exposición teórico-práctica, traballo persoal e apoio audiovisual.</p> <p>A metodoloxía favorecerá o intercambio de experiencias e a creación de grupos de apoio psicoemocional baseados</p>



nunha vivencia relacional sostida dende a empatía e o empoderamento persoal. Facilitarase a abordaxe de testemuñas entre persoas que viviran (ou estean vivindo) situacións similares no eido da responsabilidade parental a partir do traballo grupal, a súa capacidade transformadora e o acompañamento entre pares, permitindo así que as persoas se abran a novas formas de pensamento e reflexión.

Recomendacións para a intervención

As sesións contarán con temáticas definidas, pero terán en conta a adaptación ás inxerencias emerxentes no grupo. Existirá unha programación para cada sesión, así como un listado de participantes e unha avaliación ao final da acción formativa.



13 Actividades de Participación Comunitaria

Descrición	<p>Actividades grupais que fomenten a participación activa na comunidade, o acceso a recursos e servizos de ocio, cultura, etc.</p> <p>Tratarase de actuacións destinadas a favorecer o coñecemento e aproveitamento dos recursos da contorna por parte das familias, facilitando o manexo e autonomía na comunidade.</p> <p>Poderanse organizar visitas a servizos comunitarios como o centro de saúde, centros deportivos, comisaría de policía local..., así como outras actividades culturais, artísticas, deportivas, medioambientais e de entretemento que permitan que as familias participantes poidan interactuar coa súa contorna natural, social e cultural.</p> <p>Nas áreas rurais poderanse crear espazos físicos de encontro e convivencia entre familias con menores ao seu cargo e/ou poñer en marcha plataformas de interacción e intercambio colaborativo para apoiar ás familias.</p>
Perfil de beneficiarios	Familias beneficiarias.
Idades	Calquera idade.
Tipo de actividade	Grupal.
Ratio profesional/persoas usuarias	1/18 familias.
Ratio grupal	Entre 5/10 familias en cada actividade.
Perfil profesional	Persoa titulada na rama social ou educativa, con experiencia en intervención con persoas en situación de vulnerabilidade.
Dedicación profesional	Un profesional por cada 24 horas cada trimestre (96 horas/ano).
Duración	Cada persoa participará nun máximo de 24 horas de actividades de participación comunitaria por trimestre. As actividades poderán ter unha duración variable entre 2 e 4 horas.
Metodoloxía	Tratarase de actividades presenciais e con estilo lúdico-educativo baseado no respecto a todas as persoas e ao medio, fomento da parentalidade positiva, educación ambiental na natureza e dos valores socio-pedagóxicos, con especial



atención ás dinámicas propias da vida rural nas zoas rurais de intervención.

Organizaranse cunha metodoloxía participativa, interactiva e democrática adaptada ás necesidades de cada familia.

Acompañamento para fomentar a participación nos recursos comunitarios da contorna existentes: ocio, deportivos, culturais, etc.

Recomendacións para intervención

a Deberanse considerar as posibles dificultades de participación que poidan xurdir (falta de recursos para o desprazamento, perfís con mobilidade reducida, necesidades educativas específicas ou outras.)

Poderanse organizar cando se considere adecuado actividades inclusivas abertas á participación da comunidade en xeral.



14 Grupos de reforzo educativo

Descrición	<p>Tratarase de espazos grupais de apoio escolar, acompañamento ao estudo e promoción do éxito educativo. Tratarase de construción das aulas de apoio educativo segundo etapas escolares para intentar homoxeneizar o grupo e a atención de necesidades que presente o alumnado respecto aos seus procesos de aprendizaxe escolar. Organizaranse grupos por niveis educativos para unha mellor homoxeneización dos apoios e focalización das necesidades educativas. Recoméndase establecer as seguintes subdivisións para as aulas de apoio educativo:</p> <ul style="list-style-type: none"> • 1º a 3º de Educación Primaria. • 4ºEP a 6º de Educación Primaria. • 1º ESO a 3º ESO /FP/Bacharelato. • 4º ESO a 2º Bacharelato /FP.
Perfil de beneficiarios	NNA que cursan educación infantil, primaria ou secundaria pertencentes a familias beneficiarias que requiran de apoios para o éxito educativo.
Idades	Dende os 6 aos 18 años.
Tipo de actividade	Grupal.
Ratio profesional/ usuarios/as	1 profesional por cada 40 NNA.
Ratio grupal	Entre 5-10 NNA por grupo.
Perfil profesional	Persoa titulada na rama educativa ou social, con experiencia en intervención con persoas en situación de vulnerabilidade.
Dedicación profesional	Ata 4,5 horas semanais por grupo para a atención directa máis 2 horas adicionais de programación, seguimentos, comunicación con centros escolares e con outros profesionais do proxecto a nivel interno e elaboración de rexistros derivados do servizo.
Duración	<p>Axustado ao calendario escolar marcado pola Consellería competente en materia de educación e respectando os períodos non lectivos (37 semanas):</p> <ul style="list-style-type: none"> • Primaria: 1 hora / 4 días á semana ou concentrado en 2 horas/ 2 días á semana. • Secundaria: 1,5 horas / 3 días á semana.



- Postobligatorios (FP ou Bacharelato): 1,5 horas / 3 días á semana.

Metodoloxía	Desenvolveranse cunha metodoloxía dinámica, interactiva e baseada en innovación educativa axustada ás necesidades escolares de cada participante.
Recomendacións para a intervención	Recoméndase atender o escenario básico do día a día escolar (preparación de traballos e tarefas escolares, preparación de exames, etc.), así como, a identificación de necesidades máis específicas de cada estudante, sendo pertinente a abordaxe de: métodos de estudo, planificación e organización; acompañamento na transición escolar; prevención do abandono temperán; coordinación e seguimento con centros escolares.



15 Sesións de apoio individualizado

Descrición	Espazos de apoio escolar, acompañamento ao estudo e promoción do éxito educativo. Atención ás necesidades escolares e educativas individuais e específicas. Atención á diversidade escolar e redución das dificultades asociadas a desfases educativos, necesidades educativas escolares ou adaptación ao sistema educativo galego.
Perfil de beneficiarios	NNA que cursan educación infantil, primaria ou secundaria pertencentes a familias beneficiarias que requiran de apoios para o éxito educativo e que se identifique que requiren dun apoio personalizado nos grupos de reforzo educativo.
Idades	Dende os 6 aos 18 anos.
Tipo de actividade	Individual.
Ratio profesional/ usuarios/as	1 profesional por cada 5 NNA. A atención será individual.
Ratio grupal	-
Perfil profesional	Persoa titulada na rama social ou educativa con experiencia en intervención con persoas en situación de vulnerabilidade.
Dedicación profesional	Ata 4,5 horas/semana por NNA para a atención directa máis 1 hora para programación, seguimentos e comunicación con centros escolares e con outros profesionais do proxecto a nivel interno, elaboración de rexistros derivados do servizo.
Duración	Axustado ao calendario escolar marcado pola Consellería competente en materia de educación e respectando os períodos non lectivos (37 semanas): <ul style="list-style-type: none"> • Primaria: 1 hora / 4 días á semana. • Secundaria: 1,5 horas / 3 días á semana. • Postobligatorios (FP ou Bacharelato): 1,5 horas / 3 días á semana.
Metodoloxía	Desenvolveranse cunha metodoloxía dinámica, interactiva e baseada na innovación educativa axustada ás necesidades escolares de cada participante.
Recomendacións para a intervención	Recoméndase atender o escenario básico do día a día escolar (preparación de traballos e tarefas escolares, preparación de exames, etc.), así como, a identificación de necesidades máis específicas do estudante, sendo pertinente a abordaxe de: métodos de estudo, planificación e organización; acompañamento na transición escolar; prevención do abandono temperán; coordinación e seguimento con centros escolares.



16 Grupos de educación non formal

Descrición

Tratarase de actuacións destinadas á xeración de espazos de desenvolvemento social e persoal entre grupos de iguais. Crearanse espazos de educación non formal e tempo libre con temática diversa: cultural, multideportiva, artístico-creativa, actividades ao aire libre, medioambientais, ocio na comunidade, punto de atención á convivencia e punto de información infantil/xuvenil.

A diferenza das actividades de participación comunitaria, estes grupos de educación non formal estarán dirixidos a promover a socialización e a adquisición de habilidades persoais básicas entre os NNA participantes a través de actividades lúdico-educativas.

Preténdese fomentar a adquisición de competencias de, entre outros aspectos:

- Xestión e manexo de emocións.
- Habilidades en resolución de conflitos.
- Coñecemento dos recursos da contorna.
- Pensamento crítico e creatividade.
- Habilidades de comunicación e comportamento social.

Organizaranse grupos por idades para unha mellor homoxeneización dos grupos de iguais. Recoméndase establecer as seguintes subdivisións:

- Franxas de idade asociadas a infantil: 3 a 6 anos.
- Franxas de idade asociadas a primaria: 6 a 9 anos e 9 a 12 anos.
- Franxas de idade asociadas a secundaria: 12 a 15 anos e 15 a 18 anos.

Perfil de beneficiarios	NNA que cursan educación infantil, primaria ou secundaria pertencentes a familias beneficiarias.
Idades	Dende os 6 anos aos 18 anos.
Tipo de actividade	Grupal.
Ratio profesional/ usuarios/as	1/40 NNA.



Ratio grupal	10 participantes por grupo.
Perfil profesional	Persoa titulada na rama educativa, social ou de tempo libre, con experiencia en intervención con persoas en situación de vulnerabilidade.
Dedicación profesional	6 horas por semana e grupo.
Duración	4 horas/semana por grupo durante o período escolar (37 semana)
Metodoloxía	Desenvolveranse cunha metodoloxía dinámica, interactiva e lúdica baseada na potenciación de habilidades, atención aos intereses e gustos comúns do grupo.
Recomendacións para a intervención	Recoméndase complementar cos grupos de reforzo escolar para unha intervención máis integral. É interesante propoñer fíos condutores temáticos que canalicen a experiencia. Buscar a vivencia de experiencias novas ou diferentes aos seus escenarios de ocio e tempo libre habituais. Tamén se recomenda atender ás demandas e propostas que poidan xurdir dentro do grupo.



17 Axudas ao material escolar

Descrición	Axudas económicas para familias con NNA en idade escolar con necesidades non cubertas de material necesario para o seu proceso de escolarización.
Perfil de beneficiarios	Familias beneficiarias que requiran de apoio económico para a adquisición de material escolar.
Criterios para a concesión	Identificación da necesidade por parte do profesional referente. Demanda da familia.
Gastos elixibles	Adquisición de libros de texto e lectura, roupa deportiva, uniformes, material de papelería (axendas, mochila/estoxos, lapis, cores, rotuladores, etc.)
Periodicidade	Puntual segundo se requira.
Contía	Ata 150 € por NNA /ano.
Duración	En calquera momento durante o período de intervención.
Documentación xustificativa	<ul style="list-style-type: none"> • Recibín por parte das familias receptoras. • Declaración responsable respecto ao gasto. • Facturas ou recibos de compra.
Recomendacións	-



18 Axudas para actividades educativas non formais

Descrición	<p>Axudas económicas para o fomento da participación en actividades educativas non formais como actividades extraescolares, culturais, deportivas e artísticas, realizadas nos propios centros escolares ou en asociacións, academias, clubs deportivos, etc.</p> <p>Inclúese actividade deportiva federada e non-federada, actividades artísticas (obradoiros de creatividade, pintura, música, etc.), outras actividades extraescolares (robótica, etc.), idiomas (clases de inglés) ou similares.</p>
Perfil de beneficiarios	Familias beneficiarias que requiran de apoio económico para cubrir gastos derivados da matrícula e asistencia ás actividades educativas non formais.
Criterios para a concesión	<ul style="list-style-type: none"> • Identificación da necesidade por parte do profesional referente. • Demanda da familia. • Vontade de participación do NNA.
Gastos lexibles	Coste de inscrición ou matrícula e cotas de participación. Equipamento ou materiais necesarios para a participación.
Periodicidade	Puntual/mensual segundo se requira.
Contía	Ata 400€ por NNA /ano.
Duración	En calquera momento durante o período de intervención.
Documentación xustificativa	<ul style="list-style-type: none"> • Recibín por parte da familia receptora. • Declaración responsable da persoa beneficiaria. • Factura ou recibos de compra, matrícula ou cota.
Recomendacións	<p>Valoraranse co ou coa menor as opcións dispoñibles aproveitando para facer unha intervención dirixida á exploración dos intereses e desexos.</p> <p>Recoméndase que no caso de que esa cota se pague por mensualidades, se lles facilite ás familias baixo esta periodicidade e que se confirme coa familia a asistencia do NNA á actividade correspondente.</p>



19 Cursos de formación en competencias básicas

Descrición Tratarase de actividades grupais para a adquisición de competencias básicas dirixidas á mellora da empregabilidade das persoas. Poderanse organizar tres tipos de cursos de formación:

- Competencias básicas (alfabetización, lectoescritura ou matemáticas).
- Obtención do carné de conducir para persoas que requiran mobilidade para mellorar a súa empregabilidade.
- Competencias básicas de busca de emprego elaboración de currículums, preparación para entrevistas de traballo, adestramento en habilidades prelaborais...).

Perfil de beneficiarios	Persoas en idade laboral pertencentes a familias beneficiarias que requiran da adquisición de competencias básicas.
Idades	16 a 64 anos.
Tipo de actividade	Grupal.
Ratio profesional/ usuarios/as	1 profesional/10/15 persoas.
Ratio grupal	10-15 persoas.
Perfil profesional	Persoa titulada na rama social ou educativa con experiencia mínima dun ano nas funcións asociadas ao posto para a formación de competencias básicas e busca de emprego. Profesor/a de autoescola para a obtención do carné de conducir.
Dedicación profesional	12 horas á semana.
Duración	Máximo 60 horas por acción formativa.



Metodoloxía	<p>Tratarase de sesións grupais nas que, a través dunha metodoloxía expositiva, participativa e presencial, se desenvolverán competencias de base necesarias para posteriormente acceder ao mercado laboral.</p> <p>A formación en competencias básicas relacionadas con lectoescritura e matemáticas contribuirán ao acceso ao mercado de traballo de xeito autónomo.</p>
Recomendacións para a intervención	<p>Debe de existir unha boa coordinación e seguimento entre as actividades grupais e individuais de orientación para reforzar aqueles aspectos que se estimen necesarios, así como incrementar a motivación e o compromiso da persoa co seu proceso.</p> <p>Existirá unha programación para cada sesión, así como un listado de participantes e unha avaliación ao final da acción formativa.</p>



20 Cursos de formación en competencias profesionais

Descrición	<p>Tratarase de accións formativas puntuais e programadas que ofrecen capacitación práctica para o desempeño dun oficio, atendendo ás circunstancias das persoas e á realidade do mercado laboral.</p> <p>Contemplanse as seguintes tipoloxías de formación: Cursos de formación ocupacional, formación no posto de traballo, prácticas formativas non laborais, carnés profesionais (carretillero, manipulación de alimentos, carné de conducir especializado, etc.). Poden realizarse nas propias empresas ou fora delas.</p> <p>Nas áreas rurais poden estar orientadas á substitución xeracional ou ao traspaso de actividades e poderán incorporar contidos vinculados co emprendemento e o autoemprego.</p>
Perfil de beneficiarios	Persoas desempregadas ou con empregos precarios, con escasa formación e/ou experiencia laboral e con dificultades para acceder aos recursos formativos regrados, que formen parte de familias beneficiarias.
Idades	16 a 64 anos.
Tipo de actividade	Grupal.
Ratio profesional/ usuarios/as	Mínimo un titor e un docente pola acción formativa.
Ratio grupal	Máximo 20 alumnos por acción formativa.
Perfil profesional	<p>-Titor/a. Persoa titulada na rama social ou educativa con experiencia en intervención con persoas en situación de vulnerabilidade e/ou experiencia mínima dun ano nas funcións asociadas ao posto.</p> <p>-Docente/ formador. Profesional con formación e/ou experiencia acreditada para impartir os contidos específicos de cada actividade formativa.</p>
Dedicación profesional	Máximo 250 horas por acción formativa.
Duración	Atendendo á tipoloxía formativa cun máximo de 250 horas por acción formativa.
Metodoloxía	Desenvolverase unha metodoloxía esencialmente dinámica, práctica e participativa, baseada nos principios do aprendizaxe de adultos (progresiva, activa, individualizada,



	<p>flexible, estimulante, cooperativa). Fomentarse a formación teórico-práctica a ser posible en colaboración co tecido empresarial mediante accións formativas que inclúan a formación en empresas e no posto de traballo.</p>
Recomendacións para a intervención	<p>É conveniente contar cunha programación didáctica por cada unha das accións formativas que se desenvolven. Suxerencias de contido para a realización da programación:</p> <ol style="list-style-type: none">1. Identificación: Nome da acción formativa, tipo de formación e familia profesional.2. Relación de contidos e duración: Número de módulos ou unidades formativas e duración destes, incluídas as prácticas non laborais e os módulos transversais se procede.3. Programación de cada módulo ou unidade formativa, que debe incluír: Obxectivos da formación, contidos, criterios de avaliación, instrumentos de avaliación. <p>Existirá unha programación para acción formativa, así como un listado de participantes e unha avaliación ao final da acción formativa.</p>



21 Sesións individuais de orientación

Descrición	Tratarase de sesións individuais de reforzo das accións grupais realizadas nas que se traballarán coa persoa diferentes aspectos de orientación sobre o mercado laboral e a busca activa de emprego.
Perfil de beneficiarios	Persoas en idade laboral pertencentes a familias beneficiarias.
Idades	Entre 18 y 64 anos.
Tipo de actividade	Individual.
Ratio profesional/ usuarios/as	1 profesional referente por cada 18 persoas. A atención será individual.
Ratio grupal	-
Perfil profesional	Persoa titulada na rama social ou educativa con experiencia en intervención con persoas en situación de vulnerabilidade e/ou experiencia mínima dun ano nas funcións asociadas ao posto.
Dedicación profesional	10 horas semanais.
Duración	Ata 10 sesións dun máximo de 2 horas por sesión
Metodoloxía	A través de titorías individuais trabállase o análise e diagnóstico da empregabilidade e realízase un plan de melloras acordado coa persoa participante. Neste plan de melloras, incluíranse accións de orientación laboral e formativa, orientación vocacional, o desenvolvemento de competencias básicas (idioma, lectoescritura, comprensión oral e escrita, coñecemento da contorna laboral, habilidades básicas de comunicación), competencias transversais (xestión de situacións laborais de diversa complexidade, competencias de acceso e mantemento do emprego ou autoemprego). No espazo titoría tamén se proporcionará apoio e seguimento das accións grupais nas que a persoa sexa participante.
Recomendacións para a intervención	Deberanse integrar no enfoque das sesións todos os factores (internos e externos) que afectan á empregabilidade da persoa participante. Poderán empregarse ferramentas de simulación de situacións da vida ordinaria e plataformas de avaliación e formación competencial que faciliten a adquisición de competencias prácticas.



22 Axudas para a conciliación

Descrición	Axudas económicas para facilitar medidas de conciliación a persoas adultas con persoas dependentes a cargo (NNA, persoas con discapacidade, persoas maiores, etc.) que dificulten a continuidade en procesos formativos, de activación laboral ou emprego nos que estean participando.
Perfil de beneficiarios	Persoas adultas con persoas a cargo que teñan dificultade para atender as responsabilidades familiares por participar en procesos de formación, activación laboral ou emprego ou en atender circunstancias excepcionais sobrevidas (por exemplo, atender a un familiar hospitalizado).
Criterios para a concesión	<ul style="list-style-type: none"> • Demanda da familia. • Identificación da necesidade por parte do profesional referente. • Estar participando en procesos formativos, de activación ou de emprego ou existencia dunha circunstancia incompatible co coidado familiar. • Inexistencia doutros apoios familiares e/ou sociais.
Gastos elixibles	Gastos de inscrición a comedor escolar, escolas infantís, campamentos, ludotecas, escolas infantís, comedor ou similares. Pagamento puntual de persoas coidadoras.
Periodicidade	Segundo se requira durante o tempo de contratación laboral, formación ou outros, incompatible coa atención e coidado das persoas a cargo.
Contía	Ata 478€ / año.
Duración	En calquera momento durante o período de intervención.
Documentación xustificativa	<ul style="list-style-type: none"> • Recibín da familia receptora. • Declaración responsable da familia ou se procede, xustificación de asistencia ás formacións, xornadas de traballo ou de estudo. • Matrícula, recibo ou xustificante do gasto.
Recomendacións	Valorar a cobertura das necesidades a través das axudas a actividades extraescolares (axuda nº 18)



ANEXO III

DISTRIBUCIÓN ORZAMENTO FUNDACIÓN JUAN SOÑADOR

1. Por territorios

CONCELLO DE A CORUÑA					
Persoal			Desprazamentos		
TOTAL	2022	2023	TOTAL	2022	2023
1.367.898,64	319.176,35	1.048.722,29	10.571,42	1.761,90	8.809,52
Mantemento e actividades			Axudas a participantes		
TOTAL	2022	2023	TOTAL	2022	2023
91.350,00	24.360,00	66.990,00	365.925,00	48.790,00	317.135,00
Indirectos			Total		
TOTAL	2022	2023	TOTAL	2022	2023
182.599,60	48.693,23	133.906,37	2.018.344,66	442.781,48	1.575.563,18

CONCELLO DE LUGO					
Persoal			Desprazamentos		
TOTAL	2022	2023	TOTAL	2022	2023
789.338,71	184.179,03	605.159,68	10.571,43	1.761,90	8.809,53
Mantemento e actividades			Axudas a participantes		
TOTAL	2022	2023	TOTAL	2022	2023
52.711,76	14.056,47	38.655,29	211.150,00	28.153,33	182.996,67
Indirectos			Total		
TOTAL	2022	2023	TOTAL	2022	2023
105.365,60	28.097,50	77.268,10	1.169.137,50	256.248,23	912.889,27

CONCELLO DE OURENSE					
Persoal			Desprazamentos		
TOTAL	2022	2023	TOTAL	2022	2023
563.725,06	131.535,85	432.189,21	10.571,43	1.761,90	8.809,53
Mantemento e actividades			Axudas a participantes		
TOTAL	2022	2023	TOTAL	2022	2023
37.614,71	10.030,59	27.584,12	150.675,00	20.090,00	130.585,00
Indirectos			Total		
TOTAL	2022	2023	TOTAL	2022	2023
75.188,07	20.050,15	55.137,92	837.774,27	183.468,49	654.305,78

2. Equipo de coordinación técnica		
2022	2023	TOTAL
42.500,00	93.500,00 €	136.000,00

3. Apoio na xestión e na avaliación do proxecto		
2022	2023	TOTAL
240.000,00	325.000,00 €	565.000,00



ANEXO IV

Modelo de declaración de cesión e tratamento de datos en relación coa execución de actuacións do plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR)

Don/Dona....., DNI....., como presidente/a da entidade....., con NIF....., e domicilio fiscal en

.....

beneficiaria de axudas financiadas con recursos provenientes do PRTR responsable do a no "Proxecto piloto da Abordaxe da Pobreza Infantil" no desenvolvemento de actuacións necesarias para a consecución dos obxectivos definidos na liña de investimento 7 "Fomento do crecemento inclusivo mediante a vinculación das políticas de inclusión sociolaboral ao Ingreso Mínimo Vital", incluída no Compoñente 23 "Fomento do crecemento inclusivo mediante a vinculación das políticas de inclusión sociolaboral ao Ingreso Mínimo Vital", declara coñecer a normativa que é de aplicación, en particular os seguintes apartados do artigo 22, do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia:

1. A letra d) do apartado 2: «solicitar, para efectos de auditoría e control do uso de fondos en relación coas medidas destinadas á execución do programa no marco do plan de recuperación e resiliencia, nun formato electrónico que permita realizar procuras e nunha base de datos única, as categorías harmonizadas de datos seguintes:
 - i. nome do perceptor final dos fondos;
 - ii. os nomes, apelidos e datas de nacemento dos titulares reais do perceptor dos fondos, segundo se define no artigo 3, punto 6, da Directiva (UE) 2015/849 do Parlamento Europeo e do Consello;

80



- iii. unha lista de medidas para a execución do programa no marco do plan de recuperación e resiliencia, xunto co importe total do financiamento público de ditas medidas e que indique a contía dos fondos desembolsados no marco do Mecanismo e doutros fondos da Unión».
1. Apartado 3: «Os datos persoais mencionados no apartado 2, letra d), do presente artigo só serán tratados polos Estados membros e pola Comisión para os efectos e duración da correspondente auditoría da aprobación da xestión orzamentaria e dos procedementos de control relacionados coa utilización dos fondos relacionados coa aplicación dos acordos a que se refiren os artigos 15, apartado 2, e 23, apartado 1. No marco do procedemento de aprobación da xestión da Comisión, de conformidade co artigo 319 do TFUE, o Mecanismo estará suxeito á presentación de informes no marco da información financeira e de rendición de contas integrada a que se refire o artigo 247 do Regulamento Financeiro e, en particular, por separado, no informe anual de xestión e rendemento».
 2. Conforme ao marco xurídico exposto, manifesta acceder á cesión e tratamento dos datos cos remates expresamente relacionados nos artigos citados.

....., de de 202.....

Asdo.

Cargo:



ANEXO V

Modelo declaración de compromiso en relación coa execución de actuacións do plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR)

Don/Dona, con DNI, como presidente/a da entidade....., con NIF....., e domicilio fiscal en

.....
beneficiaria de axudas financiadas con recursos provenientes do PRTR, responsable do "Proxecto piloto da Abordaxe da Pobreza Infantil" no desenvolvemento de actuacións necesarias para a consecución dos obxectivos definidos na liña de investimento 7 "Fomento do crecemento inclusivo mediante a vinculación das políticas de inclusión sociolaboral ao Ingreso Mínimo Vital", incluída no Compoñente 23 "Fomento do crecemento inclusivo mediante a vinculación das políticas de inclusión sociolaboral ao Ingreso Mínimo Vital", manifesta o compromiso da entidade que representa cos estándares máis esixentes en relación co cumprimento das normas xurídicas, éticas e morais, adoptando as medidas necesarias para previr e detectar a fraude, a corrupción e os conflitos de interese, comunicando no seu caso ás autoridades que proceda os incumprimentos observados.

Adicionalmente, atendendo ao contido do PRTR, comprométese a respectar os principios de economía circular e evitar impactos negativos significativos no medio ambiente («DNSH» polas súas siglas en inglés «do no significant harm») na execución das actuacións levadas a cabo no marco do devandito Plan, e manifesta que non incorre en dobre financiamento e que, no seu caso, non lle consta risco de incompatibilidade co réxime de axudas de Estado.

....., de de 202.....

Asdo.

Cargo:

